



AXENCIA  
GALEGA DE  
INNOVACIÓN

## CONTAS ANUAIS 2024



AXENCIA  
GALEGA DE  
INNOVACIÓN





## ÍNDICE DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO REMATADO A 31 DE DECEMBRO DE 2024 DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

- I BALANCE DE SITUACIÓN
- II CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL
- III ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
- IV MEMORIA DAS CONTAS ANUAIS
  - 1. Obxectivos e Organización
    - 1.1. Estrutura organizativa
    - 1.2. Xestión
  - 2. Estado Operativo
    - 2.1. Liquidación do orzamento
    - 2.2. Resultado orzamentario
    - 2.3. Gastos orzamentarios
    - 2.4. Relación entre resultado orzamentario e o resultado económico- patrimonial
  - 3. Información de carácter financeiro
    - 3.1. Cadro de financiamento
    - 3.2. Remanente de tesouraría
    - 3.3. Remanente de tesouraría afectado
    - 3.4. Tesouraría
  - 4. Información sobre a execución dos gastos orzamentarios
    - 4.1. Modificación de crédito
    - 4.2. Remanente de crédito
    - 4.3. Clasificación funcional do gasto
    - 4.4. Execución de proxectos de investimentos
    - 4.5. Contratación administrativa
    - 4.6. Transferencias e subvencións concedidas
    - 4.7. Convenios
    - 4.8. Persoal
    - 4.9. Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento
    - 4.10. Anticipos de Tesouraría
    - 4.11. Obrigas de orzamentos pechados
    - 4.12. Compromisos de gasto con cargo ao orzamento de exercicios posteriores





5. Información sobre a execución dos ingresos orzamentarios
  - 5.1. Proceso de xestión
  - 5.2. Devolución de ingresos
  - 5.3. Transferencias e subvencións recibidas
  - 5.4. Taxas, prezos públicos e prezos privados
  - 5.5. Aplicación do remanente de Tesouraría
  - 5.6. Dereitos a cobrar de orzamentos pechados
  - 5.7. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro atendendo o seu grado de esixibilidade
  - 5.8. Desenvolvemento dos compromisos de ingreso
  - 5.9. Compromisos de ingreso con cargo ao orzamento de exercicios posteriores
6. Gastos con financiamento afectado
7. Información sobre o inmovilizado non financeiro
  - 7.1. Inmovilizado inmaterial
  - 7.2. Inmovilizado material
  - 7.3. Investimentos xestionados para outros entes públicos
  - 7.4. Investimentos destinados ao uso xeral
8. Información sobre os activos financeiros
  - 8.1. Investimentos financeiros a longo prazo en capital
  - 8.2. Valores de renda fixa
  - 8.3. Créditos
  - 8.4. Investimentos financeiros a curto prazo en capital
  - 8.5. Debedores a longo prazo
  - 8.6. Debedores a curto prazo
9. Información sobre os pasivos financeiros
  - 9.1. Pasivos financeiros a longo e curto prazo
  - 9.2. Avais
10. Información sobre o período medio de pago a provedores
11. Existencias
12. Distribución do resultado
13. Provisións e continxencias
14. Situación fiscal
15. Información sobre os indicadores do Plan Estratéxico de Galicia
16. Normas de Valoración
17. Principios contables
18. Información sobre a COVID-19
19. Feitos posteriores ao peche





## I. BALANCE DE SITUACIÓN





ACTIVO	31/12/2024 TRAS ACORDO	31/12/2024	31/12/2023
<b>A) INMOBILIZADO</b>	<b>27.991.505,72</b>	<b>89.374.693,94</b>	<b>81.059.796,96</b>
<b>I. Investimentos destinados ao uso xeral</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>II. Inmobilizacións inmateriais</b>	<b>0,00</b>	<b>57.391.354,73</b>	<b>49.423.568,60</b>
1. Gastos de investigación e desenvolvemento	0,00	91.636.422,14	75.675.591,21
3. Aplicacións informáticas	0,00	400.177,80	544.296,55
6. Outro inmovilizado inmaterial	0,00	0,00	23.412.574,30
7. Amortizacións	0,00	-34.645.245,21	-50.208.893,46
<b>III. Inmobilizacións materiais</b>	<b>2.342.799,94</b>	<b>6.119.237,24</b>	<b>6.410.374,83</b>
1. Terreos e construcións	2.553.410,28	8.391.951,02	8.391.951,02
2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	0,00	500.558,74	1.871.131,76
3. Mobiliario	219.482,55	507.387,15	866.262,10
4. Outro inmovilizado	171.472,66	1.340.837,88	1.462.973,13
5. Amortizacións	-601.565,55	-4.621.497,55	-6.181.943,18
<b>V. Investimentos financeiros permanentes</b>	<b>25.648.705,78</b>	<b>25.864.101,97</b>	<b>25.225.853,53</b>
1. Carteira de valores a longo prazo	31.301.042,77	31.997.452,95	30.901.073,71
3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	0,00	127,93	127,93
4. Provisións	-5.652.336,99	-6.133.478,91	-5.675.348,11
<b>B) GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EJERCICIOS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>C) ACTIVO CIRCULANTE</b>	<b>32.563.261,86</b>	<b>32.563.261,86</b>	<b>19.312.319,36</b>
<b>I. Existencias</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>II. Debedores</b>	<b>28.259.824,66</b>	<b>28.259.824,66</b>	<b>18.700.853,50</b>
1. Debedores orzamentarios	28.259.824,66	28.259.824,66	18.693.736,02
2. Debedores non orzamentarios	0,00	0,00	7.117,48
6. Provisións	0,00	0,00	0,00
<b>III. Investimentos financeiros temporais</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
2. Outros investimentos e créditos a curto prazo	0,00	0,00	0,00
<b>IV. Tesouraría</b>	<b>4.303.437,20</b>	<b>4.303.437,20</b>	<b>611.465,86</b>
<b>TOTAL XERAL (A+B+C)</b>	<b>60.554.767,58</b>	<b>121.937.955,80</b>	<b>100.372.116,32</b>

Nota: a incorporación da columna denominada "31/12/2024 tras acordo" débese aos acontecementos descritos no apartado 19 de feitos posteriores ao peche, recollidos nesta memoria, que reflicten o activo final da Axencia a 31/12/2024.





PASIVO	31/12/2024 TRAS ACORDO	31/12/2024	31/12/2023
<b>A) FONDOS PROPIOS</b>	<b>30.814.602,22</b>	<b>92.197.790,44</b>	<b>82.854.033,93</b>
<b>I. Patrimonio</b>	<b>7.439.542,32</b>	<b>13.278.083,05</b>	<b>13.278.083,05</b>
1. Patrimonio	6.149.312,38	6.149.312,37	6.149.312,37
2. Patrimonio recibido en adscripción	2.243.656,94	8.082.197,68	8.082.197,68
5. Patrimonio entregado en cesión	-953.427,00	-953.427,00	-953.427,00
<b>III. Resultados de ejercicios anteriores</b>	<b>14.031.303,39</b>	<b>69.575.950,88</b>	<b>65.536.142,43</b>
1. Resultados positivos de ejercicios anteriores	19.250.485,03	77.605.310,80	73.565.502,35
2. Resultados negativos de ejercicios anteriores	-5.219.181,64	-8.029.359,92	-8.029.359,92
<b>IV. Resultado do exercicio</b>	<b>9.343.756,51</b>	<b>9.343.756,51</b>	<b>4.039.808,45</b>
<b>B) PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS</b>	<b>177.144,91</b>	<b>177.144,91</b>	<b>249.452,87</b>
<b>C) ACREDORES A LONGO PRAZO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>II. Outras débedas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>D) ACREDORES A CURTO PRAZO</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>17.268.629,52</b>
<b>III. Acredores</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>17.268.629,52</b>
1. Acredores orzamentarios	29.186.349,58	29.186.349,58	16.842.676,77
2. Acredores non orzamentarios	0,00	0,00	126,32
4. Administracións Públicas	376.670,87	376.670,87	425.826,43
5. Outros acredores	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL XERAL (A+B+C+D)</b>	<b>60.554.767,58</b>	<b>121.937.955,80</b>	<b>100.372.116,32</b>

Nota: a incorporación da columna denominada "31/12/2024 tras acordo" débese aos acontecementos descritos no apartado 19 de feitos posteriores ao peche, recollidos nesta memoria, que reflicten o pasivo final da Axencia a 31/12/2024.





## II. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO- PATRIMONIAL





DEBE	31/12/2024	31/12/2023
<b>A) GASTOS</b>	<b>60.343.866,12</b>	<b>106.956.681,15</b>
<b>1. Gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais</b>	<b>21.560.281,05</b>	<b>21.763.377,21</b>
<b>a) Gastos de persoal</b>	<b>7.317.021,88</b>	<b>7.398.072,42</b>
a.1) Soldos, salarios e asimilados	5.854.627,94	5.895.647,01
a.2) Cargas sociais	1.462.393,94	1.502.425,41
<b>c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado</b>	<b>13.478.865,97</b>	<b>13.152.618,50</b>
<b>d) Variación de provisións de tráfico</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
d.1) Variación de provisións e perdas de créditos incobrables	0,00	0,00
<b>e) Outros gastos de xestión</b>	<b>306.262,40</b>	<b>438.432,97</b>
e.1) Servizos exteriores	296.132,13	416.333,12
e.2) Tributos	10.130,27	22.099,85
<b>f) Gastos financeiros e asimilables</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
f.1) Por débedas	0,00	0,00
<b>g) Variación das provisións de investimentos financeiros</b>	<b>458.130,80</b>	<b>774.253,32</b>
<b>2. Transferencias e subvencións</b>	<b>38.656.598,36</b>	<b>85.183.550,33</b>
a) Transferencias correntes	5.558.021,84	6.154.444,54
b) Subvencións correntes	1.146.302,91	2.862.035,08
c) Transferencias de capital	6.567.629,66	17.421.205,98
d) Subvencións de capital	25.384.643,95	58.745.864,73
<b>3. Perdas e gastos extraordinarios</b>	<b>126.986,71</b>	<b>9.753,61</b>
a) Perdas procedentes de inmovilizado	22.620,74	459,97
c) Gastos extraordinarios	88.194,90	9.293,64
d) Gastos e perdas doutros exercicios	16.171,07	0,00
<b>AFORRO</b>	<b>9.343.756,51</b>	<b>4.039.808,45</b>







HABER	31/12/2024	31/12/2023
<b>B) INGRESOS</b>	<b>69.687.622,63</b>	<b>110.996.489,60</b>
<b>1. Ingresos de xestión ordinaria</b>	<b>1.583,49</b>	<b>4.670,96</b>
<b>a) Ingresos tributarios</b>	<b>1.583,49</b>	<b>4.670,96</b>
a.8) Tasas por prestación de servizos ou realización de actividades	0,00	4.670,96
<b>2. Outros ingresos de xestión ordinaria</b>	<b>860.109,52</b>	<b>1.040.988,72</b>
<b>a) Reintegros</b>	<b>529.398,77</b>	<b>727.326,04</b>
<b>c) Outros ingresos de xestión</b>	<b>209.926,02</b>	<b>163.014,49</b>
c.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	49.423,16	80.387,01
c.2) Exceso de provisións de riscos e gastos	160.502,86	82.627,48
<b>d) Ingresos de participacións en capital</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>f) Outros xuros e ingresos asimilados</b>	<b>120.784,73</b>	<b>150.648,19</b>
f.1) Outros xuros	52.421,78	46.950,48
f.2) Beneficios en investimentos financeiros	68.362,95	103.697,71
<b>3. Transferencias e subvencións</b>	<b>68.825.929,62</b>	<b>109.950.829,92</b>
a) Transferencias correntes	14.226.938,08	13.770.333,58
b) Subvencións correntes	0,00	0,00
c) Transferencias de capital	54.598.991,54	96.180.496,34
d) Subvencións de capital	0,00	0,00
<b>4. Ganancias e ingresos extraordinarios</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
d) Ingresos e beneficios doutros exercicios	0,00	0,00
<b>DESAFORRO</b>		





### III. ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO





LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

31 de decembro de 2024

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CRÉDITO VIXENTE	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS (1)	PAGAMENTOS REALIZADOS (2)	PENDENTE DE PAGAMENTO (1-2)
1	GASTOS DE PERSOAL	8.116.101,98	7.317.021,88	7.317.021,88	7.308.294,27	8.727,61
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	580.774,19	357.069,00	298.199,71	294.745,29	3.454,42
3	GASTOS FINANCEIROS	111.754,00	104.278,20	104.278,20	104.278,20	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.612.053,66	7.004.144,46	6.762.366,66	3.606.153,31	3.156.213,35
6	INVESTIMENTOS REAIS	27.324.067,08	21.221.824,63	21.189.648,69	8.814.462,97	12.375.185,72
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	43.739.892,87	39.857.106,73	31.952.273,61	18.940.299,38	13.011.974,23
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.584.000,00	1.457.069,44	1.457.069,24	827.209,41	629.859,83
9	PASIVOS FINANCEIROS	3.501.374,00	3.501.373,22	3.501.373,22	3.501.373,22	0,00
	TOTAL	92.570.017,78	80.819.887,56	72.582.231,21	43.396.816,05	29.185.415,16





## LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

31 de decembro de 2024

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CONTRAÍDO PREVIO	OUTROS INGRESOS	DEREITOS RECOÑECIDOS (1)	DEREITOS CANCELADOS (2)	PENDENTE DE COBRAMENTO (1-2)
3	TAXAS,PREZOS E OUTROS	42.851,34	537.598,25	580.405,42	580.405,42	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.331.216,28	0,00	14.331.216,28	14.099.053,59	232.162,69
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	109.874,10	109.874,10	109.874,10	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	58.100.364,76	0,00	58.100.364,76	30.072.702,79	28.027.661,97
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	360.867,91	360.867,91	360.867,91	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>72.474.432,38</b>	<b>1.008.340,26</b>	<b>73.482.728,47</b>	<b>45.222.903,81</b>	<b>28.259.824,66</b>

## RESULTADO ORZAMENTARIO 2024

OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	<b>72.582.231,21</b>
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	<b>73.482.728,47</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>900.497,26</b>

Esta información detállase no punto 2.2 da memoria.





## IV. MEMORIA



## 1. OBXECTIVOS E ORGANIZACIÓN

A Axencia Galega de Innovación (en adiante Axencia) **créase** mediante o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 19 do 27.01.2012), iniciando a súa actividade o 18 de abril de 2012.

De acordo co establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm.81 do 24.04.2024) a Axencia queda adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (anteriormente estaba adscrita á Consellería de Economía e Industria). Neste novo contexto de adscrición a Axencia vertebrará a súa estratexia de apoio e impulso do I+D+i galego sobre a base dunha estreita conexión entre os ámbitos educativo, científico, empresarial, social e da propia Administración, coa finalidade de promover políticas e iniciativas que permitan potenciar a excelencia científica, a transferencia de coñecemento, o talento e a innovación.

No Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional (DOG núm. 101 do 27.05.2024) na súa disposición derradeira primeira modifícanse os estatutos da Axencia Galega de Innovación, aprobados polo Decreto 50/2012 do 12 de xaneiro. En total modifícanse catorce puntos dos estatutos da Axencia e no seu punto primeiro modifícase o artigo 2 de finalidade e obxectivos segundo se recolle nos parágrafos que van deseguido.

A Axencia é unha axencia pública autonómica con personalidade xurídica propia que ten como finalidade o fomento e a vertebración das políticas de I+D+i no sector público galego, e o apoio ás entidades que integran o ecosistema de I+D+i galego para incrementar a súa competitividade, a través da implementación e execución de estratexias e programas de I+D+i eficientes.

A Axencia Galega de Innovación ten os seguintes **obxectivos**:

- a) Liderar as políticas de I+D+i do sector público autonómico galego.
- b) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia dos resultados do sistema galego de I+D+i, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
- c) Definir e desenvolver as políticas públicas que potencien a transferencia de coñecemento dos organismos de investigación e centros tecnolóxicos ás empresas, co obxectivo de que estas incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
- d) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas entidades que integran o ecosistema de I+D+i galego.
- e) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento do sistema galego de I+D+i.
- f) Estimular a estruturación e consolidación do sistema galego de I+D+i.
- g) Fomentar a I+D+i, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.



- h) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do sistema galego de I+D+i impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre os axentes públicos e privados dende unha perspectiva de intercambio e de ciencia e innovación aberta.
- i) Promover a progresiva internacionalización dos axentes que integran o ecosistema galego de I+D+i impulsando a súa participación nos programas europeos de I+D+i e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
- j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
- k) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola I+D+i.

A Axencia Galega de Innovación ten a súa **sede institucional** en Santiago de Compostela.



## 1.1 Estrutura Organizativa

### Órganos de Goberno

**a) Presidencia:** D. Román Rodríguez González (conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional)

**b) Consello Reitor:**

**1 Presidencia:** a persoa titular da presidencia da Axencia, D. Román Rodríguez González (conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional)

**2 Vicepresidencia:** a persoa titular da dirección da Axencia, D<sup>a</sup> Carmen Cotelo Queijo

**3 Secretaría:** unha persoa que preste servizos na Axencia Galega de Innovación

**4 Vogais:**

- O secretario xeral técnico da Consellería de adscrición
- Unha persoa representante da Presidencia
- Unha persoa representante de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia
- Unha persoa representante das universidades galegas

### Órganos Executivos

**Directora da Axencia Galega de Innovación:** D<sup>a</sup> Carmen Cotelo Queijo

**Comisión de Control:** baixo a dependencia orgánica do Consello Reitor terá a seguinte composición:

- Unha persoa representante da Axencia Galega de Innovación
- Unha persoa representante da consellería de adscrición da Axencia
- Unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de orzamentos
- Unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de simplificación administrativa

### Unidades Organizativas

A estrutura vixente da Axencia dende o comezo do ano ata a publicación do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional (DOG núm. 101 do 27.05.2024) é a que se indica deseguido:

1. A Axencia Galega de Innovación queda estruturada en unidades orgánicas dependentes directamente da Dirección da Axencia.
2. As unidades orgánicas en que se estrutura a Axencia son **cinco áreas e un departamento:**





- a) Área de Xestión
- b) Área de Programas
- c) Área de Servizos
- d) Área de Centros
- e) Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas
- f) Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i

#### **a) Área de Xestión**

A Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará cos seguintes departamentos con nivel orgánico de xefatura de servizo:

- Departamento de Xestión de Axudas
- Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria
- Departamento de Xestión Financeira e Contratación

#### **b) Área de Programas**

A Área de Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle o deseño e planificación estratéxica en materia de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como a avaliación das convocatorias de axudas impulsadas pola Axencia no ámbito da I+D+i.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará co Departamento de Xestión da Innovación con nivel orgánico de xefatura de servizo.

#### **c) Área de Servizos**

A Área de Servizos, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle o desenvolvemento de instrumentos para a captación de recursos nacionais e europeos de I+D+i, o asesoramento directo ás empresas neste ámbito, a avaliación e seguimento dos proxectos financiados, así como a xestión de programas de vixilancia tecnolóxica.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará cun Departamento de Servizos e Observatorio da Innovación con nivel orgánico de xefatura de servizo.

#### **d) Área de Centros**

A Área de Centros, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a dirección administrativa, xestión operativa e promoción dos centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas que dependan da Axencia, a coordinación con outras infraestruturas tecnolóxicas do ecosistema de innovación galego, cos que se establezan



convenios de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de programas e proxectos. Esta área tamén dará apoio á Área de Xestión na parte económica e na xestión dos recursos humanos correspondente ao centro.

O impulso á innovación nos sectores industriais máis estratéxicos asumindo a prestación de servizos avanzados ás empresas a través do centro tecnolóxico, confírenlle á Axencia a condición de organismo público de investigación para os efectos do previsto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE núm. 131 do 02.06.2011) e na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (BOE núm. 125 do 03.07.2013).

#### **e) Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas**

A Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas, co nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a coordinación co CIAR como centro de investigación mixto creado entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas (INTA) promovendo a utilización do Parque Industrial de Rozas (Lugo), así como das súas infraestruturas como espazo tecnolóxico orientado á innovación.

#### **f) Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i**

Correspóndelle a planificación e coordinación dos obxectivos, actuacións, instrumentos e fondos da Comunidade Autónoma en materia de I+D+i co obxectivo de integrar e complementar a visión e perspectivas estratéxicas dos diferentes departamentos neste ámbito.

A través do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101 do 27.05.2024), na súa disposición derradeira primeira modifícanse os estatutos da Axencia, e así no punto once modifícase o número 2 do artigo 20 que queda redactado da seguinte maneira no que afecta a estrutura organizativa da Axencia e que se aplica a partir da publicación do dito decreto:

#### **2. As unidades orgánicas en que se estruturará a Axencia serán **catro áreas**:**

- a) Área de Xestión
- b) Área de Estratexias e Programas
- c) Área de Talento e Transferencia
- d) Área de Servizos

#### **a) Área de Xestión**

A Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará cos seguintes departamentos con nivel orgánico de xefatura de servizo:



- Departamento de Xestión de axudas
- Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria
- Departamento de Xestión Financeira e Contratación

#### **b) Área de Estratexias e Programas**

A Área de Estratexias e Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle o deseño e a planificación estratéxica en materia de I+D+i, así como o seguimento e a avaliación da política pública galega nesta materia.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará co Departamento da Comisión Interdepartamental de I+D+i

#### **c) Área de Talento e Transferencia**

A Área de Talento e Transferencia, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle o fomento da xeración, retención, retorno e atracción de talento e da transferencia de resultados entre os centros de coñecemento e o resto de axentes do ecosistema galego de I+D+i.

#### **d) Área de Servizos**

Correspóndelle a esta área o deseño e a execución de instrumentos e iniciativas que permitan implementar accións de desenvolvemento dos programas que deriven das políticas de I+D+i que coordina a Axencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará co Departamento de Servizos, con nivel orgánico de xefatura de servizo.-

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81 do 24.04.2024) recolle na súa disposición adicional oitava as competencias e funcións da Consellería de Economía e Industria en materia de promoción industrial adscribindo o Cis Galicia- Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño (ata o momento integrado na Axencia) á Consellería de Economía e Industria . Así mesmo no dito decreto, indícase tamén que a Consellería de Economía e Industria asumirá as labores de promoción do parque industrial de Rozas (Lugo) e a xestión de todos os programas derivados da Civil UAVs Initiative ata o momento integrados e xestionados pola Axencia a través da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas, a cal xa non está vixente agora.

Para dar cumprimento ao traspaso de competencias anteriores asináronse diversos acordos entre o secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria e o secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Anteriormente, no Decreto 134/2013, do 1 de agosto, polo que se procedía á reorganización das entidades instrumentais adscritas á Consellería de Economía e Industria con competencias en materia de innovación, modificaba a estrutura orgánica da dita consellería (DOG núm. 155 do 14.08.2013), e a Axencia Galega de Innovación subrogouse nos bens, dereitos e obrigas da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (en adelante Fundación), agás as correspondentes á rama de actividade da Fundación



constituída polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG). En virtude do dito decreto, a Axencia asumiu as ramas de actividade xestionadas pola Fundación, entre elas, as do Cis Galicia- Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño, en Ferrol, e as do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (Cis Madeira) en Ourense.

Así mesmo, o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 163 do 29.08.2017), dispón que esta axencia asumirá os medios persoais e materiais e as competencias do centro de investigación e innovación autonómico Cis Madeira, que se integrará por orde da consellería de adscrición da Axencia. Deste xeito a Orde do 16 de xullo de 2018 fixa o día 2 de xullo de 2018 como data da efectiva integración dos medios persoais e materiais do centro de investigación e innovación autonómico\_ Cis Madeira na Axencia Galega da Industria Forestal, nos termos do acordo asinado polas persoas responsables da Axencia Galega de Innovación e da Axencia Galega da Industria Forestal.

## 1.2 Xestión

A Axencia conta cun sistema contable de xestión que lle permite seguir o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión. O réxime de contabilidade será o establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia para o que a Axencia deberá aplicar os criterios contables que lle correspondan. Para iso contará cun sistema de información económico- financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar a través de estados e informes a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da execución do orzamento e que proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

O **marco normativo** que aplica a Axencia Galega de Innovación é o seguinte:

### Normativa específica da Axencia

- Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional e na súa disposición derradeira primeira se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación aprobados polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 101 do 27.05.2024)
- Decreto 225/2022, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 12 do 18.01.2023)
- Decreto 105/2021, do 1 de xullo, polo que se modifica o Decreto 50/2012 do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 133 do 14.07.2021)
- Decreto 85/2019, do 4 de xullo, polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 136 do 18.07.2019)
- Decreto 125/2016 do 1 de setembro, polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se





crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 178 do 19.09.2016)

- Decreto 64/2016, do 26 de maio, polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación do persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (DOG núm. 112 do 14.06.2016)
- Resolución do 10 de novembro de 2014, pola que se fai público o acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Innovación de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 223 do 20.11.2014)
- Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación e a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 34 do 19.02.2014)
- Resolución do 19 de abril de 2012 pola que se da publicidade ao acordo de constitución do Consello Reitor da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 81 do 27.04.2012)
- Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 19 do 27.01.2012)

#### Normativa autonómica

- Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101 do 27.05.2024)
- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81 do 24.04.2024)
- Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia (DOG núm. 114 do 17.06.2013) e as súas posteriores modificacións
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251 do 31.12.2010) e as súas posteriores modificacións
- Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG núm. 239 do 12.12.2001) e polas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



- **Normativa estatal**

- Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE núm. 214 do 06.09.2022)
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE núm. 131 do 02.06.2011)

**Normativa comunitaria**

- Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01)



## 2. ESTADO OPERATIVO

### 2.1 Liquidación do orzamento de gastos

Crédito inicial	169.396.232,00
Crédito vixente	92.570.017,78
Gastos comprometidos	80.819.887,56
Obrigas recoñecidas	72.582.231,21
Pagamentos realizados	43.396.816,05
Obrigas pendente de pagamento	29.185.415,16

### 2.2. Resultado orzamentario

O resultado orzamentario é a diferenza entre a totalidade dos ingresos orzamentarios e a totalidade dos gastos orzamentarios realizados durante o exercicio.

Tal e como se amosa no cadro seguinte, os gastos orzamentarios superaron os ingresos en 900.497,26 euros.

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
			(Diferenza)
<b>1 (+) Operacións non financeiras</b>	<b>73.121.860,56</b>	<b>65.957.207,14</b>	<b>7.164.653,42</b>
(+) 1.1 Devolución do remanente de tesouraría		1.666.581,61	-1.666.581,61
<b>2 (+) Operacións con activos financeiros</b>	<b>360.867,91</b>	<b>1.457.069,24</b>	<b>-1.096.201,33</b>
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)</b>	<b>73.482.728,47</b>	<b>69.080.857,99</b>	<b>4.401.870,48</b>
<b>II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS</b>	<b>0,00</b>	<b>3.501.373,22</b>	<b>-3.501.373,22</b>
<b>III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)</b>	<b>73.482.728,47</b>	<b>72.582.231,21</b>	<b>900.497,26</b>

### 2.3. Gastos orzamentarios

Os gastos orzamentarios enmárcanse no seguinte grupo de función:

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE
1. Servizos de carácter xeral	
2. Defensa, protección civil e seguridade cidadá	
3. Seguridade, protección e promoción social	
4. Producción de bens públicos de carácter social	
5. Producción de bens públicos de carácter económico	72.582.231,21
6. Regulación económica de carácter xeral	
7. Regulación económica de sectores produtivos	
8. Transferencias a outras Administracións Públicas nacionais e supranacionais	
9. Débeda Pública	
<b>TOTAL</b>	<b>72.582.231,21</b>



#### 2.4. Relación entre resultado orzamentario e o resultado económico-patrimonial

Relación entre os gastos orzamentarios (obrigas recoñecidas netas) e os gastos da conta de resultado económico-patrimonial

Obrigas recoñecidas netas	72.582.231,21
Gastos na conta de resultados	60.343.866,12

A diferenza entre os gastos orzamentarios e os gastos da conta de resultado económico- patrimonial é a seguinte:

Obrigas recoñecidas netas	72.582.231,21
- Obrigas recoñecidas nos capítulos VI, VIII e IX (1)	-26.148.091,15
+Gastos extraordinarios/perdas (2)	+ 126.986,71
+Correccións (3)	+13.782.739,35
Gastos conta de resultados	60.343.866,12

(1) Todas aquelas obrigas recoñecidas nos capítulos VI, VIII e IX da contabilidade orzamentaria incrementan o activo polo que non forman parte dos gastos da conta de resultados, salvo os axustes que corresponda facer.

(2) As perdas e gastos extraordinarios son os seguintes:

Perda procedente do inmovilizado (+22.620,74 euros)

Gasto extraordinario pola dotación da provisión consecuencia dos litixios da entidade (+88.194,90 euros)

Gastos e perdas doutros exercicios consecuencia da regularización de dereitos de orzamentos pechados (+16.171,07 euros)

(3) As correccións son as seguintes:

- A dotación á amortización do inmovilizado (+ 13.478.865,97 euros).
- A anulación de facturas que se recolleron como investimento do exercicio pero correspondían a contas de gasto (+11.513,44 euros).
- A anulación dos intereses derivados do Convenio entre o Ministerio de Economía e Competitividade e a Xunta de Galicia para a Estratexia Estatal de Innovación, asinado o 27 de decembro de 2012, onde a Axencia actúa como entidade instrumental e mero intermediario no pagamento (- 104.278,20 euros).
- A variación das provisións de investimentos financeiros composta por:
  - Actualización das provisións por deterioro do valor das participacións a longo prazo no patrimonio do fondo tecnolóxico Galicia Iniciativas Emprendedoras\_ FICC (- 11.136,94 euros) e do fondo Galicia Innova Tech\_ FICC (- 25.131,92 euros).
  - Actualización da provisión pola achega no capital da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia consecuencia dos resultados económicos da entidade (+133.182,66 euros).





- A dotación da provisión correspondente a un proxecto do Programa Ignicia consecuencia dos test de deterioro realizados a cada investimento patrimonial (+361.217 euros).
- A anulación dos gastos recibidos no exercicio 2023 para os que se produciu a súa aplicación ao orzamento no 2024 (-62.249,24 euros).
- O incremento dos gastos no exercicio 2024 para os que non se produciu a súa aplicación ao orzamento neste exercicio e que se imputarán no orzamento do exercicio seguinte (+756,58 euros).

**Relación entre os ingresos orzamentarios (dereitos recoñecidos netos) e os ingresos da conta de resultado económico-patrimonial**

<b>Dereitos recoñecidos netos</b>	<b>73.482.728,47</b>
<b>Ingresos na conta de resultados</b>	<b>69.687.622,63</b>

A diferenza entre os ingresos orzamentarios e os ingresos da conta de resultado económico-patrimonial é a seguinte:

<b>Dereitos recoñecidos netos</b>	<b>73.482.728,47</b>
-Dereitos recoñecidos no capítulo VIII (1)	-360.867,91
- Correccións (2)	-3.434.237,93
<b>Ingresos na conta de resultados</b>	<b>69.687.622,63</b>

(1) Os dereitos recoñecidos no capítulo VIII da contabilidade orzamentaria ascende a 360.867,91 euros consecuencia da conversión en axuda dun proxecto encadrado dentro do Programa Ignicia\_ Proba Concepto.

(2) As correccións son as seguintes:

- A minoración do ingreso a transferir pola Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte as obrigas do exercicio 2024 derivadas do Convenio entre o Ministerio de Economía e Competitividade e a Xunta de Galicia para a Estratexia Estatal de Innovación, o que constitúe o marco de actuación da política en materia de innovación para contribuír ao cambio do modelo produtivo en España a través do fomento e a creación das estruturas que faciliten o mellor aproveitamento do coñecemento científico e o desenvolvemento tecnolóxico (- 3.501.373,22 euros).
- Derivado do préstamo mencionado no punto anterior, a minoración do ingreso a transferir á Comunidade Autónoma para facer fronte aos intereses devindicados na anualidade 2024 (- 104.278,20 euros).
- O aumento do ingreso na conta de resultados consecuencia dos xuros de depósitos que se percibiron na entidade bancaria o último día do mes do ano e que non se puido incorporar en orzamentaria e a anulación do axuste do ano anterior (+ 10.910,63€)
- A contabilización do ingreso derivado da actualización da provisión de riscos e gastos consecuencia dos litixios da entidade (+ 160.502,86 euros).



### 3. INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCIERO

#### 3.1 Cadro de Financiamento

A continuación recóllense os recursos xerados no exercicio 2024 e 2023 así como a súa aplicación e os efectos que estas operacións tiveron sobre o capital circulante:

	FONDOS APLICADOS	2024	2023
<b>1</b>	<b>Recursos aplicados en operacións de xestión</b>	<b>46.296.053,71</b>	<b>93.020.055,72</b>
	c) Servizos exteriores e tributos	306.262,40	438.432,97
	e) Gastos de persoal	7.317.021,88	7.398.072,42
	g) Transferencias e subvencións	38.656.598,36	85.183.550,33
	h) Gastos financeiros	0,00	0,00
	i) Outras perdas, gastos excepcionais, provisións e amortizacións	16.171,07	0,00
	j) Deterioro de valor	0,00	0,00
<b>4</b>	<b>Adquisicións e outras altas de inmovilizado</b>	<b>22.635.204,49</b>	<b>19.955.588,68</b>
	b) I. inmateriais	21.158.478,00	17.890.601,59
	c) I. materiais	19.657,25	74.987,09
	d) I. financeiros	1.457.069,24	1.990.000,00
<b>5</b>	<b>Diminucións de patrimonio</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>6</b>	<b>Cancelación de débeda a l/p</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>7</b>	<b>Provisións de riscos e gastos</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>TOTAL APLICACIÓNS</b>	<b>68.931.258,20</b>	<b>112.975.644,40</b>
	<b>EXCESO DE ORIXES / APLICACIÓNS</b>	<b>956.551,57</b>	

	FONDOS OBTIDOS	2024	2023
<b>1</b>	<b>Recursos procedentes de operacións de xestión</b>	<b>69.527.119,77</b>	<b>110.913.782,09</b>
	e) Taxas, prezos públicos e contribucións especiais	1.583,49	4.670,96
	f) Transferencias e subvencións	68.825.929,62	109.950.829,92
	g) Ingresos financeiros	120.784,73	150.648,19
	h) Outros ingresos de xestión corrente, accesorios e excepcionais	578.821,93	807.633,02
	i) Provisións aplicadas de activos circulantes	0,00	0,00
<b>2</b>	<b>Incrementos directos de patrimonio</b>	<b>0,00</b>	<b>26.635,51</b>
<b>5</b>	<b>Débedas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	c) Outros conceptos	0,00	0,00
<b>6</b>	<b>Alleamento e outras baixas de inmovilizado</b>	<b>360.690,00</b>	<b>0,00</b>
	a) I. Inmateriais	0,00	0,00
	b) I. Materiais	0,00	0,00
	d) I. Financeiros	360.690,00	0,00
	<b>TOTAL ORIXES</b>	<b>69.887.809,77</b>	<b>110.940.417,60</b>
	<b>EXCESO DE APLICACIÓNS / ORIXES</b>		<b>2.035.226,80</b>



O seguinte cadro reflicte a a variación do capital circulante.

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	Exercicio 20234		Exercicio 2023	
	Aumentos	Diminucións	Aumentos	Diminucións
<b>2 Debedores</b>	<b>9.566.088,64</b>	<b>7.117,48</b>	<b>3.778.654,73</b>	<b>3.357,96</b>
a) Orzamentarios	9.566.088,64		3.778.412,97	
b) Non orzamentarios		7.117,48		3.357,96
c) Administracións Públicas				
d) Outros debedores			241,76	
<b>3 Acredores</b>	<b>49.281,88</b>	<b>12.343.672,81</b>	<b>18.850,51</b>	<b>1.861.017,52</b>
a) Orzamentarios		12.343.672,81		1.741.648,20
b) Non orzamentarios	126,32		18.850,51	
c) Administracións públicas	49.155,56			119.369,32
d) Outros acredores				
<b>4 Investimentos Financeiros Temporais</b>				<b>3.489.565,75</b>
<b>7 Tesouraría</b>	<b>3.691.971,34</b>			<b>478.790,81</b>
<b>TOTAL</b>	<b>13.307.341,86</b>	<b>12.350.790,29</b>	<b>3.797.505,24</b>	<b>5.832.732,04</b>
<b>VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE</b>	<b>956.551,57</b>			<b>2.035.226,80</b>

O capital circulante tivo unha variación positiva no exercicio 2024 de 956.551,57 euros (no exercicio 2023 tivo unha variación negativa de 2.035.226,80 euros).

### 3.2. Remanente de Tesouraría

#### Devolución do remanente de tesouraría do ano anterior.

De acordo co establecido no artigo 10 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a Axencia inicio os trámites no exercicio 2024 para a devolución do remanente de tesouraría do ano anterior por valor de 1.666.581,61 euros, que recolle a diferenza entre os dereitos cobrados e as obrigas pagadas entre o 01/01/2023 e o 31/12/2023.

#### Remanente de tesouraría do ano corrente a devolver a Comunidade Autónoma de Galicia

No artigo 10 da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 establécese o procedemento a realizar coa transferencia de remanentes líquidos de tesouraría. Tal e como se indica neste artigo: "os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario".

No seguinte cadro indícase o remanente de tesouraría do exercicio 2024:





REMANENTE DE TESOURARÍA	IMPORTES	
<b>1. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>28.259.824,66</b>
- (+) de orzamento corrente	28.259.824,66	
- (+) de orzamentos pechados		
- (+) de operacións non orzamentarias		
- (-) de dubidoso cobro		
<b>2. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO</b>		<b>29.563.020,45</b>
- (+) de orzamento corrente	29.185.415,16	
- (+) de orzamentos pechados		
- (+) de operacións non orzamentarias		
- (+) Outros Acredores	376.670,87	
- (+) de operacións pendentes de aplicar ao orzamento	934,42	
<b>3. FONDOS LÍQUIDOS TOTAIS</b>		<b>4.303.437,20</b>
a) Fondos líquidos do Programa Ignicia	462.673,59	
b) Fondos líquidos propios	3.840.763,61	
<b>REMANENTE DE TESOURARÍA TOTAL (1-2+3)</b>		<b>3.000.241,41</b>
<b>Remanente de tesouraría afectado</b>		<b>462.673,59</b>
<b>Remanente de tesouraría non afectado</b>		<b>2.537.567,82</b>

### 3.3. Remanente de tesouraría afectado

Neste exercicio hai remanente de tesouraría afectado por valor de 462.673,59 euros do Programa Ignicia Proba de Concepto cuxa finalidade é poñer en valor e apoiar o desenvolvemento das aplicacións comerciais da investigación xeradas polos centros de coñecemento. Estes ingresos procedentes de retornos e reembolsos do Programa Ignicia están destinados a financiar novas convocatorias de achegas patrimoniais, polo tanto o dito remanente non poderá ser usado para o financiamento de calquera tipo de gasto.



### 3.4. Tesouraría

O estado de tesouraría móstrase no seguinte cadro:

ESTADO DE TESOURARÍA DO EXERCICIO 2024			
CONCEPTOS	EUROS		
<b>1. COBROS</b>		<b>63.857.926,96</b>	
(+) do Orzamento corrente	45.222.903,81		
(+) residuos Orzamentos pechados	18.684.551,18		
(+) de operacións non orzamentarias	0,00		
(+) axuste	-49.528,03		
<b>2. PAGOS</b>		<b>60.176.866,25</b>	
(+) do Orzamento corrente	43.396.816,05		
(+) residuos Orzamentos pechados	16.780.071,71		
(+) de operacións non orzamentarias	0,00		
(+) axuste	-21,50		
<b>I. Fluxo neto de Tesouraría do exercicio (1-2)</b>		<b>3.681.060,71</b>	
<b>3. Saldo inicial de Tesouraría</b>		<b>607.999,50</b>	
<b>II. Saldo Final de Tesouraría (I+3)</b>			<b>4.289.060,21</b>

\* A diferenza no saldo final de tesouraría co importe de tesouraría recollido en balance é de 14.376,99 euros e débese a un axuste feito en financeira para conciliar o saldo contable co saldo bancario por mor do cobro de intereses. No saldo inicial de tesouraría a diferenza é de 3.466,36 euros e débese ao mesmo motivo (así aparece reflectido nas contas anuais do 2023)

No 2013 a Axencia Galega de Innovación participa no Fondo Tecnolóxico I2C con un total de 6.900.00 euros. O Consello da Xunta de Galicia autorizou o 20.07.2013 a Axencia Galega de Innovación á adquisición de 400 novas participacións por importe de 4.000.000€ e na súa reunión do 12.12.2013 autoriza a unha nova ampliación de 290 participacións por importe de 2.900.000€.

A Axencia Galega de Innovación encomenda a xestión deste fondo a Xesgalicia, Sociedad Xestora de Entidades de Inversión de tipo Cerrado SAU (antes Sociedade Xestora de Entidades de Capital- Riesgo SA).

O 12.12.2013 autorízase a transmisión a favor da Axencia das 385 participacións titularidade da Administración Xeral da Xunta de Galicia por importe de 3.850.000€ (transmisión que se elevou a público o 17.06.2014).

O 17.12.2014 o consello de Administración de Xesgalicia acorda a ampliación do seu patrimonio autorizando á Axencia Galega de Innovación á adquisición de 421 participacións do fondo por importe de 4.210.000 euros, procedendo a dito desembolso en febreiro de 2015.

O 24.02.2020 o Consello de Administración da Sociedade Xestora do fondo aprobou unha ampliación do patrimonio de 9.000.000 euros mediante a emisión de 900 novas participacións de 10.000 euros de importe nominal cada unha delas, subscritas integramente polo IGAPE. Tras esta operación, o 31.12.2020 as achegas dos partícipes do fondo ascenden a 24.060.000 euros, divididas en 2.406 participacións nominativas de 10.000 euros cada unha, estando totalmente subscritas e desembolsadas .

A participación final da Axencia no fondo é de 1.496 participacións por valor de 14.960.000 euros, que representan o 62,18 %, tal e como se amosa no seguinte cadro:

Fondo I2C	Valor da participación	Nº. de participacións	% de participacións
Gain	14.960.000,00	1.496	62,18%
Igape	9.100.000,00	910	37,82%

Neste exercicio as achegas ao patrimonio do fondo non varían, o que si se rexistra é unha diminución do deterioro de 25.131,92 euros, ascendendo o deterioro total acumulado do fondo a euros 2.088.166,91 euros (no exercicio 2023 tamén tivo lugar unha diminución do deterioro de 33.637,76 euros en relación ao ano anterior, sendo o deterioro acumulado nesa anualidade de 2.113.298,83 euros).



Fondo I2C	Valor participación	Pendente desembolso	Valor neto	% sobre capital desembolsado	Valor neto sobre contas	Valor neto tendo en conta a % sobre cap. desembolsado	Deterioro total Acumulado	Valor da participación tras provisión
Gain	14.960.000,00	0,00	14.960.000,00	62,18%	20.701.624,61	12.871.833,09	2.088.166,91	12.871.833,09
Igape	9.100.000,00	0,00	9.100.000,00	37,82%				

### Galicia Iniciativas Emprendedora, FICC

A constitución do fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, FICC (anteriormente nomeado Galicia Iniciativas Emprendedoras, Fondo de Capital Riesgo Pyme) elevouse a público o 20.01.2014 cunha achega inicial de 2.000.000 euros en favor da Axencia Galega de Innovación con 200 participacións mediante escritura notarial tras o cumprimento dos requisitos necesarios:

- Autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a constitución do Fondo
- Certificación do Rexistro Mercantil Central, acreditativa de que a denominación do Fondo constituído non é empregada por outra entidade
- Regulamento de xestión do Fondo
- Boletín de subscripción das participacións
- Certificación bancaria acreditativa do ingreso ao nome do Fondo do patrimonio inicial
- Certificado do acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Innovación, participe do fondo, en virtude do cal se encomenda a xestión a Xesgalicia

A Axencia Galega de Innovación encomenda a xestión do fondo a Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de tipo Cerrado SAU (antes Sociedad Xestora de Entidades de Capital- Riesgo SA).

En decembro de 2017 a Axencia realizou unha achega ao fondo coa compra de 125 novas participacións por importe de 10.000 euros cada unha, realizando o desembolso o 27.03.2018.

O 31.10.2018 os administradores da Sociedade Xestora do Fondo aprobaron unha fusión entre o propio fondo, como fondo absorbente, e Xes-Innova, Fondo de Capital Riesgo Pyme como fondo absorbido. Esta fusión levouse a cabo aplicando un cálculo de troco en función do valor nominal das diferentes achegas realizadas ao fondos e aplicándose efectos contables dende o 30.09.2018.

En consecuencia, o fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras absorbe a través da súa sociedade integramente ao fondo Xes-Innova en todos os seus bens, dereitos e obrigas, entendéndose integramente transmitido o patrimonio deste ao fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras.

Tras a operación de fusión, o fondo absorbente Galicia Iniciativas Emprendedoras ten achegas por un total de 10.490.000,00, repartidas en 1.049 participacións a 10.000 euros.



Fondo GIE	Valor da participación	Nº. de participacións	% de participacións
Gain	5.840.000,00	584	55,67%
Igape	4.650.000,00	465	44,33%

Neste exercicio as achegas ao patrimonio do fondo non varían rexistrándose a diferenza da anualidade anterior unha diminución do deterioro do patrimonio neto de 11.136,94 euros, ascendendo o deterioro total acumulado do fondo a 2.034.969,73 euros. No exercicio 2023 producírase un aumento da provisión por valor en 91.426,65 euros o que incrementou a provisión nesa anualidade ata un total de 2.046.106,67 euros.

Fondo GIE	Valor participación	Pendente de desembolso	Valor neto	% sobre capital desembolsado	Valor neto sobre contas	Valor neto tendo en conta a % sobre cap. desembolsado	Deterioro total acumulado	Valor da participación tras provisión
Gain	5.840.000,00	0,00	5.840.000,00	55,67%	6.834.974,44	3.805.030,27	2.034.969,73	3.805.030,27
Igape	4.650.000,00	0,00	4.650.000,00	44,33%				

#### **Achega à Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (Fundación CTG)**

No exercicio 2016 a Axencia realizou unha achega económica de 80.129,82 euros a esta Fundación para a ampliación da dotación fundacional/fondo social que se recolleu como investimento.

No 2014 a Axencia realizara outra achega de 374.250,00 euros que se recolleu como gasto, non como investimento, aplicando o principio de prudencia xa que "a normativa aplicable a esas entidades non garante un dereito certo sobre o patrimonio das mesmas"

Así mesmo, a extinta Fundación para o Fomento da Calidade Industrial realizou en 1999 e 2009 dúas achegas de 18.030,36 euros e 224.000,00 euros respectivamente. Estas achegas recolléronse tamén como gasto nos ditos exercicios, non como investimento, polo que non figuraban como activos no balance de integración coa Axencia Galega de Innovación en virtude do Decreto 134/2013, do 1 de agosto, polo que se procede á reorganización das entidades instrumentais e da Orde do 26 de decembro de 2013 pola que se fixa a data do traspaso de persoal, bens, dereitos e obrigas da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial.

Non obstante, tendo en conta que todas estas achegas outorgan a Axencia unha participación moi alta no capital da Fundación CTG, óptase por recollelas no exercicio 2016 no activo como investimento financeiro a longo prazo, corrixiendo a partida de patrimonio neto polo importe das achegas dos exercicios 1999 e 2009 procedentes da extinta Fundación para o Fomento da Calidade Industrial (242.030,36 euros) e a partida de resultados positivos de exercicios anteriores polo importe da achega realizada pola Axencia no exercicio 2014 (374.250,00 euros). Así mesmo, para cumprir co principio de prudencia e tendo en conta a valoración do patrimonio neto da Fundación CTG, a Axencia dotou inicialmente unha provisión por deterioro polo mesmo valor da participación total (696.410,18 euros).

A participación actual da Axencia Galega de Innovación na Fundación Centro Tecnolóxico do Granito descrita anteriormente pode resumirse no seguinte cadro:





Concepto	Ano	Importe
Transmisión da Fundación Fomento a Gain das achegas da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	2014	242.030,36
Achega de capital á Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	2014	374.250,00
Achega de capital á Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	2016	80.129,82
<b>TOTAL</b>		<b>696.410,18</b>

Nas últimas contas anuais auditadas das que se dispón da Fundación CTG (ano 2023) rexístrase unha variación no patrimonio neto polo que se recolle a corrección valorativa da provisión polo deterioro en proporción ás achegas realizadas pola Axencia. Emporiso auméntase en 133.182,66 euros sendo o valor da achega tras a provisión de 215.268,26 euros (no 2023 a provisión aumentara en 26.411,17 euros, sendo a provisión de 347.959,25 euros).

	Achegas económicas	% sobre a achega	Valor neto sobre contas	Valor neto sobre o % achegado	Deterioro total acumulado	Valor da achega tras provisión
<b>Gain</b>	<b>696.410,18</b>	93,47%	<b>230.307,33</b>	215.268,26	481.141,92	<b>215.268,26</b>
<b>Outros</b>	<b>48.651,74</b>	6,53%				

### Programa Ignicia proba de concepto

O Programa Ignicia Proba de Concepto é unha iniciativa que promove o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galegos facilitando a validación da tecnoloxía e a elaboración de plans de negocio que dean lugar á creación de *spin-off* ou a sinatura de acordos de licenza, entre outras.

Neste exercicio realizáronse achegas por un importe de 1.457.069,24 integramente á convocatoria da anualidade 2023 (no exercicio anterior as achegas económicas realizáronse á convocatoria 2021 por un valor de 1.000.000 euros e á convocatoria 2023 por valor de 990.000 euros).

Nesta anualidade provisionouse un proxecto da convocatoria 2018 por valor de 361.217,00 euros por culpa dos malos resultados financeiros, seguindo o indicado nos test de deterioro realizados da avaliación dos proxectos, tal e como se recolle nos acordos de retorno que se asinan con cada beneficiario. No exercicio anterior provisionáranse dous proxectos por un importe de 690.053,26 euros. O total de proxectos sobre os que recae unha provisión, dado que existen dúbidas sobre a súa viabilidade, son cinco.

Así mesmo tamén se formalizou a conversión en axuda dun proxecto da convocatoria 2018 por valor de 343.487,59 euros e un reintegro pola parte non executada de 17.202,41 euros. Este é o segundo proxecto que remata converténdose en axuda (o anterior foi na anualidade 2021) dun total de 32 proxectos dende que se iniciou o programa.

Pola parte dos ingresos rexistráronse uns beneficios procedentes destes investimentos por valor de 68.362,95 euros fronte aos 103.697,71 euros do exercicio anterior.



O cadro resume das achegas patrimoniais realizadas por anualidade a cada convocatoria así como os reintegros e provisións rexistradas amósase a continuación:

Anualidade da achega	Convocatoria Programa Ignicia proba concepto				Total achegas
	2016	2018	2021	2023	
2017	1.248.825,40				1.248.825,40
2018	2.130.562,46	710.324,00			2.840.886,46
2019		1.487.313,67			1.487.313,67
2020		387.159,33			387.159,33
2021			700.000,00		700.000,00
2022			1.100.000,00		1.100.000,00
2023			1.000.000,00	990.000,00	1.990.000,00
2024				1.457.069,24	1.457.069,24
<b>Total achegas</b>	<b>3.379.387,86</b>	<b>2.584.797,00</b>	<b>2.800.000,00</b>	<b>2.447.069,24</b>	<b>11.211.254,10</b>
Reintegros	-203.965,62	-51.607,91			-255.573,53
Conversión axuda	-120.950,21	-343.487,59			-464.437,80
<b>Valor neto</b>	<b>3.054.472,03</b>	<b>2.189.701,50</b>	<b>2.800.000,00</b>	<b>2.447.069,24</b>	<b>10.491.242,77</b>
Deterioro total acumulado	-1.167.983,30	-361.217,00			-1.529.200,30
<b>Valor contable</b>	<b>1.886.488,73</b>	<b>1.828.484,50</b>	<b>2.800.000,00</b>	<b>2.447.069,24</b>	<b>8.962.042,47</b>
<b>Retornos total acumulado</b>	<b>177.032,56</b>	<b>30.067,50</b>			<b>207.100,06</b>

### **Fianza constituída a EMAFESA**

Fianza que ten depositada a extinta Fundación pola alta no contador da auga do Cis Tecnoloxía e Deseño por un importe de 127,93 euros.

### **8.2 Valores de renda fixa**

Non é de aplicación por no existir no balance ao peche do exercicio.

### **8.3 Créditos**

Non é de aplicación por no existir no balance ao peche do exercicio.

### **8.4 Investimentos financeiros a curto prazo en capital**

No 2024, igual que no 2023, non se recolle en balance ningún investimento financeiro a curto prazo.



### 8.5 Debedores a longo prazo

Non existen no balance a partida de debedores a longo prazo

### 8.6 Debedores a curto prazo

O total de debedores orzamentarios é de 28.259.824,66 euros, non tendo nesta anualidade ningún saldo na partida de debedores non orzamentarios (no exercicio anterior os debedores orzamentarios foron de 18.693.736,02 euros e os debedores non orzamentarios de 7.117,48 euros).

Nesta anualidade igual que na anterior non se rexistrou ningún gasto por dotación de insolvencias, non tendo polo tanto saldo no apartado de provisións.

## 9. INFORMACIÓN SOBRE OS PASIVOS FINANCIEROS

### 9.1 Pasivos financeiros a longo e curto prazo

O detalle dos pasivos financeiros ó peche do exercicio 2024 e do exercicio 2023 escríbense a continuación:

	Exercicio 2024		Exercicio 2023	
	Pasivos financeiros a curto prazo	Pasivos financeiros a longo prazo	Pasivos financeiros a curto prazo	Pasivos financeiros a longo prazo
Acredores orzamentarios	29.186.349,58	0,00	16.842.676,77	0,00
Acredores non orzamentarios	0,00	0,00	126,32	0,00
Administracións Públicas	376.670,87	0,00	425.826,43	0,00
Outros Acredores/Débedas	0,00	0,00	0,00	0,00
Fianzas e depósitos	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>0,00</b>	<b>17.268.629,52</b>	<b>0,00</b>

Na partida de acredores orzamentarios recóllense 756,58 euros (62.249,24 euros no exercicio anterior) de gastos que orzamentariamente se imputarán ao exercicio seguinte pero financeiramente corresponden ao exercicio 2024.

A partida de Administracións Públicas do pasivo a curto prazo por valor de 376.670,87 euros engloba principalmente a Facenda pública acreedora por retencións por importe de 183.681,63 euros e a Seguridade Social pendente de pago por importe de 192.784,06 euros.

### 9.2 Avais

Durante o presente exercicio a Axencia non constituíu ningún aval e os avais que se solicitaron depositáronse na Caixa Xeral de Depósitos



## 10. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES

Segundo establece o Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía para o cálculo do prazo medio de pagamento aos provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, baixo a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira amósase a continuación a información relativa ao período medio de pago no exercicio 2024

Importe en miles de euros	FACTURAS PENDENTES		FACTURAS PAGADAS		TOTAL	
Mensualidade	Importe	Ratio pendiente de pago	Importe	Ratio de pago	Importe	Período medio de pago global a provedores
2024/01	6.245,73	13,47	5.107.218,71	20,34	5.113.464,44	20,33
2024/02	2.563.452,39	8,97	37.203,52	14,21	2.600.655,91	9,04
2024/03	2.594.325,80	39,36	69.966,06	8,50	2.664.291,86	38,55
2024/04	4.730.082,44	42,97	278.041,47	10,22	5.008.123,91	41,15
2024/05	2.013.488,91	39,47	2.894.565,87	80,65	4.908.054,78	63,76
2024/06	55.423,13	3,63	2.064.197,52	64,34	2.119.620,65	62,75
2024/07	497.501,03	12,75	229.372,54	24,30	726.873,57	16,39
2024/08	573.585,57	38,66	6.300,43	39,41	579.886,00	38,67
2024/09	32.001,27	11,19	624.598,87	47,36	656.600,14	45,60
2024/10	1.256.815,29	9,29	82.041,97	18,54	1.338.857,26	9,86
2024/11	268.130,17	13,60	1.281.988,30	29,25	1.550.118,47	26,55
2024/12	12.013.879,54	11,50	650.114,56	21,02	12.663.994,10	11,98

Tendo en conta os datos que se recollen no cadro anterior, o período medio de pago a provedores para o exercicio 2024 foi de 27,64 días.

## 11. EXISTENCIAS

Non é de aplicación por no existir no balance ao peche do exercicio.

## 12. DISTRIBUCIÓN DO RESULTADO

Segundo a normativa vixente, a directora da Axencia propondrá ao Consello Reitor a aplicación do resultado de exercicio 2024, e polo tanto, o aforro de 9.343.756,51 euros que se rexistre na conta 120 de resultados positivos de exercicios anteriores.



### 13. PROVISIÓN E CONTINXENCIAS

O importe neste exercicio das provisións para riscos e gastos do pasivo do balance é de 177.144,91 euros (249.452,87 euros no exercicio 2023).

Estas responsabilidades probables ou certas de calquera natureza, con orixe en litixios en curso, reclamacións, indemnizacións e obrigas pendentes de contía indeterminada, provisiónanse de acordo cunha estimación razoable da súa contía. O seu detalle amosase no cadro seguinte:

	Saldo a 01/01/2024	Dotacións	Excesos/pagos	Saldo a 31/12/2023
Provisións por litixios	249.452,87	88.194,90	160.502,86	177.144,91

### 14. SITUACIÓN FISCAL

O Cis Tecnoloxía e Deseño desenvolvía unha actividade económica na extinta Fundación, a cal continúa coa súa integración na Axencia, ata que o centro tecnolóxico deixa de formar parte dela e se adscribe á Consellería de Economía e Industria. Así, o 30 de xuño de 2024 comunícase á Axencia Estatal da Administración Tributaria (en adiante AEAT) que a Axencia deixa de exercer todas as actividades empresariais e/ ou profesionais (persoas xurídicas e entidades, sen liquidación, é dicir, entidades inactivas) dado que o centro tecnolóxico xa non forma parte da entidade. Ata a dita data a Axencia constaba no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores nas seguintes actividades económicas:

Grupo/ Epígrafe	Descrición da actividade
843.1	Servizos Técnicos de Enxeñaría
933.9	Outras Actividades de Ensinanza
936	Investigación Científica e Técnica
861.2	Alugueiro de locais Industriais

O desenvolvemento destas actividades supoñía a suxeición á regra da pro rata, consecuencia do desenvolvemento conxunto de actividades suxeitas a IVE e non exentas que orixinaban o dereito a dedución das cotas soportadas (epígrafes 843.1, 936 e 861.2) e actividades suxeitas a IVE pero exentas, as cales non orixinaban o dereito a dedución (epígrafe 933.9). Considérase exenta a actividade de "outras actividades de ensinanza" segundo establece o artigo 20, punto 1, apartado 9 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto do valor engadido, pois realízanse operacións consistentes na docencia de cursos sobre materias incluídas nalgún dos plans de estudos do sistema educativo español así como cursos de formación e reciclaxe profesional.

O Cis Tecnoloxía e Deseño ao marxe da actividade económica tamén participaba no desenvolvemento de proxectos europeos polos que obtiña financiamento, estando eses gastos totalmente diferenciados dos da actividade económica e non deducindo o IVE, sen embargo había gastos de centro tecnolóxico que eran comúns a ámbalas actividades (auga, subministro eléctrico...). Para o IVE destes gastos comúns aplicouse un criterio razoable, que se mantivo no tempo, que foi aprobado pola AEAT e que consistía en deducir unha porcentaxe que se obtiña a partir da



totalidade dos ingresos que tiña o centro tecnolóxico en cada anualidade. Ata o 30 de xuño de 2024 ás cotas de IVE dos gastos comúns aplicouse inicialmente unha porcentaxe provisional deducible do 14%, sendo a definitiva aplicada do 10 %. Unha vez obtida a cota deducible destes gastos, tras aplicarlle a porcentaxe deducible anterior, aplícaselle a pro rata correspondente do exercicio, que se indica no seguinte parágrafo.

No 2024 aplicouse a todos os gastos incluídos na actividade económica a pro rata provisional do 100% (que foi a definitiva do exercicio 2023), o que supón que foron deducibles o 100% das cotas soportadas de IVE.

Atendendo á lexislación vixente, mantéñense todos os impostos abertos a calquera inspección polas autoridades fiscais para todos os impostos que lle son aplicables.

## 15. INFORMACIÓN SOBRE OS INDICADORES DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA

A continuación inclúese información sobre os indicadores do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 estando encadradas as actuacións da Axencia nos seguintes eixes, prioridades de actuacións e obxectivos estratéxicos

### EIXE 3. COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO

#### PA 3.1 Mellorar ás capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

**OE 3.1.1** Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento

**OI01** Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

**0001** Continuar a potenciar as actividades de I+D+i e avanzar no proceso de especialización establecido pola Ris3 de Galicia

**0002** Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMES e sectores estratéxicos, nos ámbitos de especialización de Galicia. Mellorar o impulso e seguimento do ciclo innovador de todas as empresas

**0003** Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i)

**0006** Atraer e manter o talento innovador

**0099** Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

#### PA 3.2 Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

**OE 3.2.3** Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural.

**0099** Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico



**OE 3.2.4** Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro

**0002** Actuacións para o fomento da modernización e innovación tecnolóxica, fomentando o emprego das TICS en sectores estratéxicos e empresas, especialmente PEMES

**0003** Xestión en materia de intelixencia artificial. Desenvolver a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial.

#### PA 3.5 Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

**OE 3.5.6** Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego

**0099** Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

### EIXE 5. GOBERNANZA

#### PA 5.3 Reforzo de autogoberno e coordinación interadministrativa

**OE 5.3.1** Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento

**0099** Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

O valor realizado dos indicadores financeiros do exercicio 2024 son os do seguinte cadro:

Indicadores financeiros			
Eixo- Prioridade de actuación- Obxectivo estratéxico- Obxectivo Operativo	Orzamento Inicial	Orzamento vixente	Orzamento Executado
E3_PA01_E01_OI01	4.397.132,00	4.132.067,00	3.931.846,00
E3_PA01_E01_OO01	41.986.987,00	9.435.725,00	5.689.166,00
E3_PA01_E01_OO02	25.568.856,00	9.671.372,00	6.814.856,00
E3_PA01_E01_OO03	64.305.101,00	45.346.496,00	35.070.663,00
E3_PA01_E01_OO06	13.134.181,00	12.229.632,00	10.796.520,00
E3_PA01_E01_OO99	0,00	459.097,00	155.137,00
E3_PA02_E03_OO99	0,00	199.901,00	81.184,00
E3_PA02_E04_OO02	1.464.720,00	138.900,00	65.335,00
E3_PA02_E04_OO03	7.768.475,00	0,00	0,00
E3_PA05_E06_OO99	0,00	62.050,00	45.448,00
E5_PA03_E01_OO99	0,00	75.452,00	63.268,00



O valor realizado dos indicadores de produtividade no exercicio 2024 amósase no seguinte cadro:

Indicadores de produtividade		
Eixo- Prioridade de actuación- Obxectivo estratéxico- Obxectivo Operativo	Indicador	Valor en 2024
E3_PA01_E01_OI01	P00076_Entidades beneficiadas	58,00
E3_PA01_E01_OO01	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	4,00
	D0C002_Número de empresas que reciben subvencións	16
	D0C027_Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	5.367.575
	DRCO07_ Organizaciones de investigación que participan en proxectos conxuntos de investigación	2
E3_PA01_E01_OO02	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	231,00
	D0C027_Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	4.423.315,00
	DOCV33_Entidades axudadas na loita contra a Covid-19	28,00
	P0076_Entidades beneficiadas	12,00
	P0076A_Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	1,00
E3_PA01_E01_OO03	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	57,00
	DE021H_Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados. Homes	694,00
	DE021M_Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados. Mulleres	834,00
	P0076_Entidades beneficiadas	4,00
	P00083_Estudios, informes e traballos técnicos	3,00
	P00348_Actividades de investigación sanitaria executadas	1,00
	P0076A_Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	137,00
E3_PA01_E01_OO06	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	110,00
	DE021H_Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados. Homes	94,00
	DE021M_Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados. Mulleres	100,00
	P00045_Axudas concedidas	176,00
	P0076A_Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	142,00
E3_PA01_E01_OO99	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	1,00
	P00076_Entidades beneficiadas	9,00
E3_PA02_E03_OO99	P00076_Entidades beneficiadas	5,00
E3_PA02_E04_OO02	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	6,00
E3_PA05_E06_OO99	P00076_Entidades beneficiadas	6,00
E5_PA03_E01_OO99	D0C001_Número de empresas que reciben axudas	6,00





O valor realizado dos indicadores de resultado no exercicio 2024 amósase no seguinte cadro:

Indicadores de resultado		
Eixo- Prioridade de actuación- Obxectivo estratéxico- Obxectivo Operativo	Indicador	Valor en 2024
E3_PA01_E01	R3101a_Retorno acadado polas entidades galegas no Programa Marco de I+D+I (respecto o total nacional)	3,55
	R3101b_Gastos I+D empresarial (porcentaxe respecto ao total nacional)	3,70
	R3101c_Persoal dedicado a I+D. Homes	8.240,50
	R3101d_Persoal dedicado a I+D. Mulleres	5.615,80

## 16. NORMAS DE VALORACIÓN

Estas contas foron elaboradas de acordo cos principios contables e as normas de valoración e clasificación contidos na Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (DOG núm. 239, do 12 de decembro de 2001) e conforme aos criterios establecidos na Orde do 16 de novembro de 2024 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2024 e de apertura do exercicio 2025 (DOG núm. 242 do 17.12.2024).

O artigo 109.1º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (LRFPG) establece o sometemento da Administración da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das sociedades públicas de Galicia ao réxime de contabilidade pública conforme ao artigo 111.a) do antedito texto legal corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, como centro directivo da contabilidade pública de Galicia someter á decisión do conselleiro de Economía e Facenda o Plan de Contabilidade Pública de Galicia, ao que se adaptarán os organismos, as corporacións e as demais entidades comprendidas no sector público de Galicia, mantendo a debida coordinación co Plan Xeral de Contabilidade Pública.

As contas anuais que se xuntan preparáronse a partir dos rexistros contables da Axencia Galega de Innovación. Formúlanse co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e orzamentaria, e os resultados da entidade.

A información preséntase comparativa coa do exercicio 2023.

### 16.1 Desenvolvemento dos principios contables

- As normas de valoración desenvolven os principios contables, establecidos na primeira parte, contendo os criterios e regras de aplicación a operacións ou feitos económicos, así como a diversos elementos patrimoniais.
- As normas valorativas que se formulan seguidamente son de aplicación obrigatoria.



## 16.2 Inmobilizado material

### 1- Valoración

Os bens comprendidos no immobilizado material deben valorarse ao prezo de adquisición ou ao custo de produción, tendo en conta as correccións valorativas que deben efectuarse.

Cando se trate de bens adquiridos a título gratuito ou que fosen recibidos en cesión considerárase como prezo de adquisición, o valor venal destes no momento da incorporación patrimonial. No caso de bens recibidos en adscrición tomarase como prezo de adquisición o valor neto destes na contabilidade do adscrinte, no momento da adscrición.

Na reversión de bens cedidos, a entidade cedente daralos de alta polo valor que figurase no seu inventario no momento da cesión, procedendo a continuación a reflectir as posibles diferenzas de acordo co verdadeiro estado dos bens revertidos.

Na reincorporación de bens adscritos, a entidade adscrinte daralos de alta polo valor neto que figura na contabilidade do ente beneficiario nese mesmo momento, procedendo, polo tanto, a reflectir as posibles diferenzas.

As diferenzas ás que se fai referencia nos dous parágrafos anteriores consideráranse resultados do exercicio no que se produzan.

Incorporárase ao valor do immobilizado correspondente o importe dos investimentos adicionais ou complementarios que se realicen, valorándose estes de acordo cos criterios establecidos anteriormente.

### 2- Prezo de adquisición

O prezo de adquisición inclúe, ademais do importe facturado polo vendedor, todos os gastos que se produzan ata o momento en que o ben do que se trate se encontre en condicións de funcionamento: gastos de explanación e derruba, transporte, dereitos arancelarios, seguros, instalación, montaxe, etc.

Os gastos financeiros poderán incrementar o valor do ben immobilizado, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que exista unha relación directa e obxectiva entre a operación de endebedamento que orixina os gastos financeiros e o ben ao que deben incorporarse estes gastos;
- Que os gastos financeiros se derivasen con anterioridade á posta en condicións de funcionamento do ben.

Os impostos indirectos que gravan os elementos do immobilizado material poderán incluírse no prezo de adquisición unicamente cando non teñan o carácter de recuperables directamente da Facenda pública.



### 3- Custo de produción

Os bens fabricados ou construídos pola propia entidade deberán valorarse polo seu custo de produción. Os custos a considerar serán:

- Os gastos de persoal: soldos, salarios e outros gastos de persoal directamente relacionados con eles;
- Os custos dos materiais e servizos consumidos;
- A amortización correspondente ao inmovilizado directamente utilizado;
- A proporción que razoablemente corresponda de custos indirectos, e outros custos, como pode ser a amortización de patentes ou licenzas que fosen utilizadas.

Con respecto aos gastos financeiros, para este caso, é válido o establecido no punto anterior.

### 4- Valor venal

Enténdese por valor venal dun ben, aplicable a aqueles que son adquiridos de maneira gratuíta ou foron recibidos en cesión, o prezo que estaría disposto a pagar un adquirente eventual, tendo en conta o estado e o lugar no que se encontre este ben, considerando, ademais, a situación da entidade e supoñendo a continuidade da explotación do ben.

O valor venal dun ben poderase determinar mediante taxación de peritos especializados, valores medios de mercados organizados, listas de prezos de provedores habituais ou outros procedementos xeralmente aceptados.

### 5- Correccións de valor do inmovilizado material

- Amortización: en todos os casos (incluídos os bens de inmovilizado que fosen recibidos en cesión ou en adscrición) deduciranse as amortizacións practicadas, as cales deberán establecerse sistematicamente en función da vida útil dos bens, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e desfrute, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidesen afectalos.
- Perdas de carácter irreversible no inmovilizado: de producirse unha diminución de valor de carácter irreversible e distinta da amortización sistemática procederase a corrixir a valoración do ben correspondente, contabilizando a perda como gasto do exercicio e provocando unha corrección do valor amortizable do ben.
- Revalorizacións: con carácter xeral non será admisible a revalorización dos bens que compoñen o inmovilizado, excepcionalmente poderán revalorizarse estes bens cando unha norma con rango suficiente así o autorice e nos termos establecidos nesta norma.



### 16.3 Normas particulares sobre inmovilizado material

Os bens comprendidos no inmovilizado material deben valorarse ao prezo de adquisición ou ao custo de produción, tendo en conta as correccións valorativas que deben efectuarse.

Cando se trate de bens adquiridos a título gratuito ou que sexan recibidos en cesión consideraranse como prezo de adquisición o valor venal deles no momento da incorporación patrimonial. No caso de bens recibidos en adscrición tomarase como prezo de adquisición o valor neto dos mesmos na contabilidade do adscrinte, no momento da adscrición.

Na reversión de bens cedidos, a entidade cedente dará de alta os mesmos polo valor que figurará no seu inventario no momento da cesión, procedendo a continuación a reflectir as posibles diferenzas de acordo co verdadeiro estado dos bens revertidos.

Na reincorporación de bens adscritos, a entidade adscrinte dará de alta os mesmos polo valor neto que figura na contabilidade do ente beneficiario nese mesmo momento, procedendo, polo tanto a reflectir as posibles diferenzas.

As diferenzas a que se fai referencia nos dos parágrafos anteriores consideraranse resultados do exercicio no que se produzan.

En particular aplicaranse as normas que se expresan con respecto aos bens que en cada caso se indican:

a) Solares sen edificar: incluíranse no seu prezo de adquisición os gastos de acondicionamento como cerres, movementos de terras, obras de saneamento e drenaxe, así como os de derribo de construcións cando sexa necesario para poder executar obras de nova planta; e tamén os gastos de inspección e levantamento de planos cando se realicen con carácter previo á súa adquisición.

b) Construcións: Formarán parte do seu prezo de adquisición ou custo de produción, ademais de todas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter de permanencia, as taxas inherentes á construcións e os gastos facultativos do proxecto e dirección de obra.

c) Instalacións técnicas, maquinaria e ferramenta: A súa valoración comprenderá todos os gastos adicionais que se produzan ata o súa posta en condicións de funcionamento, e no seu caso, o transporte, os seguros, dereitos arancelarios e outros similares.

d) Os utensilios e ferramentas incorporadas a elementos mecánicos someteranse ás normas valorativas e de amortización aplicables aos ditos elementos.

### 16.4. Inmovilizado inmaterial

Os diversos elementos comprendidos no inmovilizado inmaterial valoraranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción; aplicaranse os criterios establecidos para o inmovilizado material polo que respecta á dotación de amortizacións, sen prexuízo do sinalado nas normas seguintes con respecto aos bens e dereitos que a continuación se indican:



a) Gastos de investigación e desenvolvemento: en aplicación do principio de prudencia, os gastos de investigación e desenvolvemento consideraranse gastos do exercicio. No obstante, ao peche do exercicio, poderán activarse cando se cumpran todas as condicións seguintes:

- Que exista un proxecto específico perfectamente individualizado e concreto.
- Que se de unha asignación, imputación e distribución temporal dos custos claramente establecida.
- Que, ademais, existan motivos fundados do éxito técnico do proxecto.
- Que a rendibilidade económico-comercial do mesmo estea razoablemente asegurada.
- Que se atope asegurada o financiamento do proxecto.

Unha vez se considere a razoabilidade da capitalización dos gastos de investigación e desenvolvemento, os custos do proxecto amortizaranse de maneira sistemática e á maior brevidade posible, sen que en ningún caso sobrepase o prazo de 5 anos dende que conclúa o proxecto de investigación e desenvolvemento que se capitalizou. Cando as condicións do parágrafo anterior, que xustificaron a capitalización, deixen de cumprirse, o saldo que permaneza sen amortizar deberá levarse a perdas.

b) Propiedade industrial e intelectual: Na valoración que debe darse á propiedade industrial e intelectual, seguirase o criterio xeral do prezo de adquisición ou custo de produción. No caso de patentes, estes gastos incrementaranse polos correspondentes ao rexistro e formalización das mesmas, mentres que no caso dos modelos de utilidade incorporaranse ademais, os custos imputables á produción das mostras.

c) Aplicacións informáticas: Inclúiranse no activo os programas de ordenador, tanto os adquiridos a terceiros como os elaborados pola propia entidade, usando os medios propios de que dispoña e unicamente nos casos en que estea prevista a súa utilización en varios exercicios. En ningún caso poderán figurar no activo os gastos de mantemento da aplicación informática.

## 16.5. Valores negociables

### a. Valoración

Os valores negociables comprendidos nos grupos 2 ou 5, sexan de renda fixa ou variable, valoraranse en xeral polo seu prezo de adquisición no momento da subscrición ou compra.

Entenderase por prezo de adquisición o total satisfeito ou que deba ser satisfeito pola adquisición, incluídos os gastos inherentes á operación. Teranse en conta os seguintes criterios:

- Incluírase dentro do prezo de adquisición o importe dos dereitos preferentes de subscrición.
- O importe dos dividendos derivados ou dos xuros, explícitos derivados e non vencidos no momento da compra, non formará parte do prezo de adquisición. Estes dividendos e xuros contabilizaranse en rúbricas específicas de



acordo co seu vencemento. Para estes efectos, entenderase por xuros explícitos aqueles rendementos que non formen parte do valor de reembolso.

c. No caso de venda de dereitos preferentes de subscripción ou segregación destes para exercitalos, o importe do custo dos dereitos diminuíra o prezo de adquisición dos respectivos valores. Para o cálculo deste custo utilizarase un criterio ou fórmula valorativa de xeral aceptación e en harmonía co principio de prudencia; ao mesmo tempo, reducirase proporcionalmente o importe das correccións valorativas.

Cando se trate de valores adquiridos a título gratuito, acudírase para determinar o valor de adquisición a unha prudente valoración dos títulos en función do seu previsible valor de mercado. Se os títulos cotizan nun mercado secundario organizado tomarase como valor de adquisición a cotización media do trimestre anterior á data de adquisición ou a última cotización anterior á data de adquisición se esta é inferior. Se os títulos non cotizan nun mercado secundario organizado acudírase ao valor establecido por peritos taxadores, conforme a procedementos racionais admitidos na práctica, cun criterio de prudencia.

En todo caso, deberá aplicarse o método do prezo medio ou custo medio ponderado por grupos homoxéneos; entendéndose por grupos homoxéneos de valores os que teñen iguais dereitos.

#### **b. Correccións valorativas**

Os valores negociables admitidos a cotización nun mercado secundario organizado contabilizaranse, polo menos ao final do exercicio, polo prezo de adquisición ou o de mercado se este fose inferior a aquel. Neste último caso, deberán dotarse as provisións necesarias para reflectir a depreciación experimentada.

O prezo de mercado será o inferior dos dous seguintes: cotización media nun mercado secundario organizado correspondente ao último trimestre do exercicio; cotización do día do peche do exercicio ou se non a do inmediato anterior.

A pesar do anterior, cando existan xuros, implícitos ou explícitos, devindicados e non vencidos ao final do exercicio, os cales deberán estar contabilizados no activo, a corrección valorativa determinarase comparando este prezo de mercado coa suma do prezo de adquisición dos valores e dos xuros devindicados e non vencidos no momento do peche do exercicio.

Tratándose de valores negociables non admitidos a cotización nun mercado secundario organizado figurarán no balance polo seu prezo de adquisición. Non obstante, cando o prezo de adquisición sexa superior ao importe que resulte de aplicar criterios valorativos racionais admitidos na práctica, dotarase a correspondente provisión pola diferenza existente. Para estes efectos, cando se trate de participacións en capital, tomarase o valor teórico contable que corresponda a estas participacións, corrixido no importe das plusvalías tácitas existentes no momento da adquisición e que subsistan no da valoración posterior.

No caso de participacións en capital que teñan o carácter de permanentes, e que supoñan unha porcentaxe significativa de participación, a dotación de provisións realizarase atendendo á evolución dos fondos propios da



sociedade participada aínda que se trate de valores negociables admitidos á cotización nun mercado secundario organizado.

#### 16.6. Débedas e demais obrigacións non orzamentarias

Figurarán no balance polo seu valor de reembolso. Se é o caso, a diferenza entre este valor e a cantidade recibida figurará separadamente no activo do balance; tal diferenza debe imputarse anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

As débedas por compra de inmovilizado valoraranse polo seu nominal. Os xuros incorporados ao nominal, excluídos os que se integrasen no valor do inmovilizado, figurarán separadamente no activo do balance, imputándose anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

#### 16.7. Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigacións orzamentarias

Os dereitos a cobrar orzamentarios figurarán polo importe a percibir.

Os dereitos a cobrar procedentes de ingresos de dereito público deberán valorarse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto se proceden de ingresos sen contraprestación e de exacción obrigatoria, como se proceden de prestacións de servizos, realización de actividades e utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

Os dereitos de cobramento derivados da venda de bens conceptuados como existencias deberán rexistrarse polo importe da contraprestación a percibir pola venda, sen incluír os impostos legalmente repercutibles, nin os gastos satisfeitos por conta do debedor, os cales se integrarán noutras contas a cobrar non orzamentarias.

Os dereitos de cobramento derivados doutras prestacións de servizos e cesións de bens patrimoniais, efectuadas en réxime de dereito privado, rexistraranse polo importe da contraprestación a percibir por estes, seguindo os mesmos criterios que no parágrafo anterior, en canto aos impostos legalmente repercutibles e os gastos satisfeitos por conta do debedor.

Os dereitos de cobramento derivados da emisión de pasivos financeiros rexistraranse polo importe a percibir no momento da emisión.

Deberán realizarse as correccións valorativas que procedan, dotándose, se é o caso, as provisións que reflectan o risco de insolvencia con respecto ao cobramento dos dereitos de que se trate.

As obrigacións orzamentarias figurarán polo importe a satisfacer. Este valor, que debe considerarse como a cantidade a pagar no momento do seu vencemento, estará formado polo principal da débeda máis, se é o caso, as retribucións implícitas que se puidesen ter pactado no financiamento da operación.



No caso de obrigacións por compra de existencias ou de servizos figurarán polo importe da contraprestación a realizar. Tal importe non comprenderá os impostos legalmente deducibles, que se rexistrarán en contas a pagar non orzamentarias.

#### **16.8. Imposto sobre o valor engadido (IVE)**

O importe soportado non deducible formará parte do prezo de adquisición dos bens de investimento ou de circulante, así como dos servizos, que sexan obxecto das operacións gravadas polo importe. No caso de operacións de autoconsumo interno (producción propia con destino ao inmovilizado da entidade) que sexan obxecto de gravame o importe non deducible sumarase ao custo dos respectivos bens de investimento.

Non alterarán as valoracións iniciais os axustes no importe do imposto soportado non deducible consecuencia da regularización derivada da pro rata definitiva, incluída a regularización por bens de investimento.

Os créditos e débitos derivados dos importes repercutidos e dos soportados deducibles, respectivamente contabilizaranse en rúbricas específicas, separados do resto de créditos e débitos.

#### **16.9. Compras e outros gastos**

Na valoración das compras de bens susceptibles de almacenamento, destinados á venda ou consumo interno ou ben para a súa transformación ou incorporación ao proceso produtivo, teranse en conta as seguintes regras:

- \* Os gastos das compras, incluídos os transportes e os impostos que recaian sobre as adquisicións con exclusión do que grave o valor engadido soportado deducible, cargaranse na respectiva conta do subgrupo 60.
- \* Os descontos e similares incluídos en factura que non obedezan a pronto pagamento consideraranse como menor importe da compra.
- \* Os descontos e similares que lle sexan concedidos á entidade por pronto pagamento, incluídos ou non en factura, consideraranse ingresos financeiros, contabilizándose na conta 765 Descontos sobre compras por pronto pagamento.
- \* Os descontos e similares que se baseen en ter alcanzado un determinado volume de pedidos contabilizaranse na conta 609 Rappels por compras.
- \* Os descontos e similares posteriores á recepción da factura orixinados por defectos de calidade, incumprimento de prazos de entrega ou outras causas análogas contabilizaranse na conta 608 Devolucións de compras e operacións similares.

Na valoración de gastos por servizos serán tamén aplicables as regras anteriores.





As transferencias e subvencións concedidas, tanto correntes como de capital, valoraranse polo importe entregado. As transferencias ou subvencións en especie valoraranse polo valor neto contable dos elementos entregados e as subvencións de capital por asunción de débedas, polo valor actual destas, entendendo por tal a diferenza entre o máximo valor de reembolso e as retribucións implícitas non devengadas neste momento.

As perdas derivadas de transmisións de activos que non se consideren existencias determinaranse pola diferenza entre o dereito a cobrar recibido en contraprestación e o valor neto contable do activo entregado, incrementada polos gastos inherentes á operación.

### 16.10. Ventas e outros ingresos

Os ingresos derivados de percepcións obrigatorias sen contraprestación rexistraranse polo importe dos dereitos de cobramento xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente que os cuantifique.

Na contabilización da venda de bens teranse en conta as seguintes regras:

- \* As vendas contabilizáranse sen incluír os impostos que gravan estas operacións. Os gastos inherentes a estas, incluídos os transportes a cargo da entidade, contabilizaranse nas contas correspondentes do grupo 6, sen prexuízo do establecido nas regras d) e e) seguintes.
- \* Os descontos e similares incluídos en facturas que non obedezan a pronto pagamento consideraranse como menor importe da venda.
- \* Os descontos e similares que sexan concedidos pola empresa por pronto pagamento, estean ou non incluídos en factura, consideraranse gastos financeiros, contabilizándose na conta 665 Descontos sobre vendas por pronto pagamento.
- \* Os descontos e similares que se baseen en ter alcanzado un determinado volume de pedidos contabilizaranse na conta 709 Rappels sobre vendas.
- \* Os descontos e similares posteriores á emisión de factura orixinados por defectos de calidade, incumprimento dos prazos de entrega ou outras causas análogas contabilizaranse na conta 708 Devolucións de vendas e operacións similares.

Na contabilización de ingresos por servizos serán tamén aplicables as regras anteriores.

As transferencias e subvencións recibidas, tanto correntes como de capital, valoraranse polo importe recibido. As transferencias ou subvencións en especie cuantificaranse polo valor venal dos bens recibidos e as subvencións de capital por asunción de débedas, polo valor actual destas.

Os ingresos derivados de adquisicións de carácter lucrativo (herdanzas, legados e doazóns) rexistraranse polo valor establecido na correspondente taxación pericial.



Os beneficios derivados de transmisións de activos que non se consideren existencias determinaranse pola diferenza entre o dereito a cobrar recibido en contraprestación e o valor contable neto do activo entregado, minorada polos gastos inherentes á operación.

#### 16.11. Cambios en criterios contables e estimacións

Por aplicación do principio de uniformidade non poderán modificarse os criterios de contabilización dun exercicio a outro, agás casos excepcionais que deberán ser xustificadas. Nestes supostos, considerarase que o cambio se produce ao inicio do exercicio e incluírase como resultados extraordinarios na conta de resultados o efecto acumulado das variacións de activos e pasivos, calculadas nesa data, que sexan consecuencia do cambio de criterio.

Os cambios naquelas partidas que requiren para a súa valoración realizar estimacións e que son consecuencia da obtención de información adicional, dunha maior experiencia ou do coñecemento de novos feitos, non deben considerarse para os efectos sinalados no parágrafo anterior como cambios de criterio contable.

#### 16.12. Principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados

Considéranse principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados os establecidos:

- No Plan Xeral de Contabilidade Pública e as súas adaptacións sectoriais.
- Os pronunciamentos elaborados pola Comisión de Principios e Normas Contables Públicas.

### 17. PRINCIPIOS CONTABLES

A aplicación dos principios contables incluídos nos epígrafes seguintes deberá conducir a que as contas anuais formuladas con claridade expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.

Cando a aplicación dos principios contables establecidos nesta norma non sexa suficiente para que as contas anuais expresen a imaxe fiel mencionada, deberán subministrarse na memoria as explicacións necesarias sobre os principios contables adicionais aplicados.

Naqueles casos excepcionais nos que a aplicación dun principio contable sexa incompatible coa imaxe fiel que deben mostrar as contas anuais, considerarase improcedente esta aplicación. Todo isto mencionarse na memoria, explicando a súa motivación e indicando a súa influencia sobre o patrimonio, a situación financeira, a execución do orzamento e os resultados da entidade.

A contabilidade da entidade desenvolverase aplicando obrigatoriamente os principios contables que se indican a continuación:



**Principio de entidade contable.** Constitúe entidade contable todo ente con personalidade xurídica e orzamento propio, que deba formar e render contas. Cando as estruturas organizativas e as necesidades de xestión e información así o requiran poderán crearse subentidades cun sistema contable que estea debidamente coordinado co sistema central.

**Principio de xestión continuada.** Presúmese que continúa a actividade por tempo indefinido. Polo tanto, a aplicación dos presentes principios non irá encamiñada a determinar o valor liquidativo do patrimonio.

**Principio de uniformidade.** Unha vez adoptado un criterio na aplicación destes principios, debe manterse uniformemente no tempo e no espazo mentres non se alteren os supostos que motivaron a elección deste criterio.

Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, debe mencionarse este extremo indicando os motivos, así como a súa incidencia cuantitativa e, se é o caso, cualitativa nos estados contables periódicos.

**Principio de importancia relativa.** A aplicación destes principios, así como a dos criterios alternativos que en ocasións puidesen deducirse deles, debe estar presidida pola consideración da importancia en termos relativos que estes e os seus efectos puidesen presentar. Por conseguinte, pode ser admisible a non aplicación estrita dalgún principio sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. A aplicación deste principio non poderá implicar en ningún caso a transgresión de normas legais.

**Principio de rexistro.** Todos os feitos contables deben ser rexistrados na oportuna orde cronolóxica, sen que poidan existir baleiros, saltos ou lagoas na información. O rexistro dos feitos debe efectuarse mediante os procedementos técnicos máis adecuados á organización da entidade contable, de forma que se garanta a coherencia interna da información.

**Principio de prudencia.** Dos ingresos só deben contabilizarse os efectivamente realizados na data do peche do exercicio; non deben contabilizarse aqueles que sexan potenciais ou se encontren sometidos a algunha condición.

Polo contrario, dos gastos, deben contabilizarse non só os efectivamente realizados, senón tamén, desde que se teña coñecemento deles, aqueles que supoñan riscos previsibles ou perdas eventuais, con orixe no exercicio ou noutro anterior; para estes efectos deben distinguirse as perdas potenciais ou reversibles das realizadas ou irreversibles. Non obstante, de acordo coa normativa orzamentaria vixente, estes gastos contabilizados pero non efectivamente realizados, os riscos e perdas, non terán incidencia orzamentaria, só repercutirán no cálculo do resultado económico- patrimonial.

**Principio de devindicación.** A imputación temporal de gastos e ingresos debe facerse en función da corrente real de bens e servizos que estes representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada daqueles.



Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento imputaranse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se diten os correspondentes actos administrativos. Non obstante, polo menos na data do peche do período, aínda que non fosen ditados os mencionados actos administrativos, tamén deberán recoñecerse na conta do resultado económico- patrimonial os gastos efectivamente realizados pola entidade ata esta data.

Se non se pode identificar claramente a corrente real de bens e servizos entenderase que os gastos ou os ingresos se produciron cando se recoñezan os incrementos de obrigacións ou dereitos, ou as correccións valorativas que afecten elementos patrimoniais.

**Principio de imputación da transacción.** A imputación das transaccións ou feitos contables efectuarase a activos, pasivos, gastos ou ingresos anuais ou plurianuais de acordo coas regras establecidas neste Plan de Contabilidade Pública e demais normas que para o efecto se diten.

A imputación das operacións que deban aplicarse aos orzamentos de gastos e ingresos debe efectuarse de acordo cos seguintes criterios:

- \* Os gastos e ingresos orzamentarios imputaranse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. Os gastos e ingresos orzamentarios clasificaranse, se é o caso, atendendo ao órgano encargado da súa xestión.
- \* As obrigacións orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral imputaranse ao orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

Nos casos de conflito entre este principio e o resto dos principios contables públicos deben prevalecer estes últimos, en especial os principios de rexistro e de devindicación.

**Principio do prezo de adquisición.** Como norma xeral, todos os bens, dereitos e obrigas deben figurar polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Non obstante, as obrigacións deben contabilizarse polo seu valor de reembolso.

O principio de prezo de adquisición debe respectarse sempre, salvo cando se autoricen, por disposición legal, rectificacións a este; neste caso deberá facilitarse cumprida información.

**Principio de correlación de ingresos e gastos.** O sistema contable debe poñer de manifesto a relación entre os gastos realizados por unha entidade e os ingresos necesarios para o seu financiamento.

O resultado económico-patrimonial dun exercicio estará constituído pola diferenza entre os ingresos e os gastos económicos realizados neste período. O resultado así calculado representa o aforro bruto, positivo ou negativo.

**Principio de non compensación.** En ningún caso se deben compensar as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico-patrimonial, nin os gastos e



ingresos que integran o estado de liquidación do orzamento. Deben valorarse separadamente os elementos integrantes das distintas partidas do activo e do pasivo.

***Principio de desafectación.*** Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos desta natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable debe reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

## 18. INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19

A aparición da COVID-19 e a súa expansión global motivou que o brote vírico fose declarado pandemia pola Organización Mundial da Saúde, segundo o RD 463/2020, do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Mediante a resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, declárase a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Os fondos que quedaban pendente de xestionar pola Axencia no 2024 en relación á COVID-19 foron mínimos e ascenderon a 117.085,62 euros fronte ós 6.514.476,11 euros do exercicio anterior; recollidos principalmente nun proxecto:

- Pagos por valor de 102.721,42 euros segundo as axudas concedidas en base a resolución do 22 de xuño de 2021 onde se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas a proxecto de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas, programa Conecta COVID, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 201-2020 como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19.
- Pago por valor de 14.364,20 euros correspondente a unha axuda pendente e concedida en base á resolución do 25 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se realiza a convocatoria para o ano 2021 das axudas para proxectos colaborativos nas áreas estratéxicas dos hubs de innovación dixital que permitan avanzar na súa especialización e consolidación dentro do marco da RIS3 Galicia (programa Conecta hubs), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



## 19. FEITOS POSTERIORES AO PECHE

Existe unha serie de feitos posteriores ao peche que afectan ás contas anuais deste exercicio de maneira significativa e son consecuencia da nova adscrición da Axencia á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (anteriormente estaba adscrita á Consellería de Economía e Industria) segundo se recolle no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81 do 24.04.2024). Na disposición adicional oitava do dito decreto fíxase que a Consellería de Economía e Industria terá competencias en materia de promoción industrial, desenvolvemento tecnolóxico e innovación dos sectores produtivos, xestión de infraestruturas tecnolóxicas, apoio do crecemento de novas empresas de base tecnolóxica e asesoramento e información na materia de propiedade industrial. Así mesmo, será a dita Consellería de Economía e Industria a que asumirá a xestión do CIS Galicia- Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño así como as labores de promoción do parque industrial de Rozas (Lugo) e a xestión de todos os programas derivados da Civil UAVs Initiative.

Para dar cumprimento ao traspaso de competencias anteriores asináronse diversos acordos entre o secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria e o secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Así o 24.01.2025 asínase un terceiro acordo de traspaso e a data de formulación destas contas, o último, no que se reflicten os créditos do capítulo II- VII que pasarán para a Consellería de Economía e Industria. Acompáñase de tres anexos, no primeiro recóllense as referencias contables a traspasar á CEEI, no segundo anexo os datos da contabilidade económica financeira e no terceiro anexo outras actuacións necesarias relacionadas. É no segundo anexo onde se reflicte un balance estimado da Axencia a 31.12.2024, comparativo co da anualidade anterior e despois se desagrega o balance estimado a 31.12.24 en catro balances segundo as distintas actuacións, que son as que se traspasan á Consellería de Economía e Industria (ao marxe do balance de Gain que será o que permaneza na entidade):

- Balance denominado "Cis Galicia 31/12/2024": recolle as partidas asociadas ao centro tecnolóxico, fundamentalmente o edificio do Cis Galicia en Ferrol dentro do inmovilizado material.
- Balance denominado "CUI 31/12/2024": recóllense as actuacións encadradas na Civil UAVs Initiative que é outra actividade que tamén se traspasa á Consellería de Economía e Industria. Todos os gastos de investigación e desenvolvemento que se se deron de alta no balance da Axencia están encadrados dentro desta actuación, polo que se traspasan na súa totalidade sendo a partida máis significativa.
- Balance denominado "Outros 31/12/2024": este apartado empregouse para reflectir o traspaso da participación da Axencia na Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia dado que a Axencia deixa a vicepresidencia do padroado e a súa pertenza ao mesmo. O valor da achega é de 696.410,18 euros, ora ben, ten asociada unha provisión que implica que diminúa o seu valor contable.
- Balance denominado "Gain 31/12/2024": será o balance que permaneza na Axencia tras os traspasos das anteriores actuacións á Consellería de Economía e Industria.

Así mesmo, no documento recóllense unhas aclaracións nas que se indica que eses datos son provisionais mentres non se peche a contabilidade orzamentaria do exercicio, para despois actualizar a contabilidade financeira e obter así o balance definitivo

O balance que se incluíu nese acordo é o que segue a continuación:







ANEXO III: DATOS DE CONTABILIDADE ECONÓMICA- FINANCEIRA

BALANCE DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Nº Contas	ACTIVO	31/12/2023	31/12/24	GAIN 31/12/2024	CIS GALICIA 31/12/2024	CUI 31/12/2024	OUTROS 31/12/2024
	<b>A) INMOBILIZADO</b>	<b>81.059.796,96</b>	<b>89.845.265,05</b>	<b>28.364.716,90</b>	<b>3.209.283,25</b>	<b>57.922.813,97</b>	<b>348.450,93</b>
	<b>I. Invetimentos destinados ao uso xeral</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Inmobilizacións inmateriais</b>	<b>49.423.568,60</b>	<b>57.391.354,73</b>	<b>0,00</b>	<b>30.936,60</b>	<b>57.360.418,13</b>	<b>0,00</b>
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento	75.675.591,21	91.636.422,14	0,00	0,00	91.636.422,14	0,00
212	2. Propiedade Industrial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
215	3. Aplicacións informáticas	544.296,55	397.897,80	0,00	165.417,80	232.480,00	0,00
216	4. Propiedade intelectual	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
219	6. Outro inmovilizado inmaterial	23.412.574,30	28.609.368,27	28.607.088,27	2.280,00	0,00	0,00
(281)	7. Amortizacións	-50.208.893,46	-63.252.333,48	-28.607.088,27	-136.761,20	-34.508.484,01	0,00
	<b>III. Inmobilizacións materiais</b>	<b>6.410.374,83</b>	<b>6.131.677,55</b>	<b>2.391.062,99</b>	<b>3.178.218,72</b>	<b>562.395,84</b>	<b>0,00</b>
220, 221	1. Terreo e construcións	8.391.951,02	8.391.951,02	2.553.410,28	5.838.540,74	0,00	0,00
223	2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	1.871.131,76	507.228,90	25.647,10	481.581,80	0,00	0,00
226	3. Mobiliario	866.262,10	686.840,57	416.012,82	270.827,75	0,00	0,00
227, 228, 229	4. Outro inmovilizado	1.462.973,13	1.389.294,06	257.010,06	334.828,86	797.455,14	0,00
(282)	5. Amortizacións	-6.181.943,18	-4.843.637,00	-861.017,27	-3.747.560,43	-235.059,30	0,00
23	<b>IV. Invetimentos xestionados</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>V. Invetimentos financeiros permanentes</b>	<b>25.225.853,53</b>	<b>26.322.232,77</b>	<b>25.973.653,91</b>	<b>127,93</b>	<b>0,00</b>	<b>348.450,93</b>
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	30.901.073,71	31.997.452,95	31.301.042,77	0,00	0,00	696.410,18
252, 253, 257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
260, 265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	127,93	127,93	0,00	127,93	0,00	0,00
(297)	4. Provisións	-5.675.348,11	-5.675.348,11	-5.327.388,86	0,00	0,00	-347.959,25
27	<b>B) GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EXERCICIOS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>C) ACTIVO CIRCULANTE</b>	<b>19.312.319,36</b>	<b>25.860.033,39</b>	<b>25.860.033,39</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Existencias</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Debedores</b>	<b>18.700.853,50</b>	<b>21.567.506,82</b>	<b>21.567.506,82</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
43	1. Debedores orzamentarios	18.693.736,02	21.567.506,82	21.567.506,82	0,00	0,00	0,00
44	2. Debedores non orzamentarios	7.117,48	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
470, 471, 472	4. Administracións Públicas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
550, 555, 558	5. Outros debedores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(490)	6. Provisións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>III. Invetimentos financeiros temporais</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros invetimentos e créditos a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
57	<b>IV. Tesourería</b>	<b>611.465,86</b>	<b>4.292.526,57</b>	<b>4.292.526,57</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
480, 580	<b>V. Axustes por periodificación</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C)</b>	<b>100.372.116,32</b>	<b>115.705.298,44</b>	<b>54.224.750,29</b>	<b>3.209.283,25</b>	<b>57.922.813,97</b>	<b>348.450,93</b>

Nº Contas	PASIVO	31/12/2023	31/12/24	GAIN 31/12/2024	CIS GALICIA 31/12/2024	CUI 31/12/2024	OUTROS 31/12/2024
	<b>A) FONDOS PROPIOS</b>	<b>82.854.033,93</b>	<b>86.017.304,09</b>	<b>24.536.755,94</b>	<b>3.209.283,25</b>	<b>57.922.813,97</b>	<b>348.450,93</b>
	<b>I. Patrimonio</b>	<b>13.278.083,05</b>	<b>71.730.268,74</b>	<b>7.439.542,31</b>	<b>6.019.461,53</b>	<b>57.922.813,97</b>	<b>348.450,93</b>
100	1. Patrimonio	6.149.312,37	64.601.498,06	6.149.312,37	180.920,79	57.922.813,97	348.450,93
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	8.082.197,68	8.082.197,68	2.243.656,94	5.838.540,74	0,00	0,00
103	3. Patrimonio recibido en cesión	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión	-953.427,00	-953.427,00	-953.427,00	0,00	0,00	0,00
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
11	<b>II. Reservas</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>III. Resultados de exercicios anteriores</b>	<b>65.536.142,43</b>	<b>11.123.765,19</b>	<b>13.933.943,47</b>	<b>-2.810.178,28</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	73.565.502,35	19.153.125,11	19.153.125,11	0,00	0,00	0,00
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-8.029.359,92	-8.029.359,92	-5.219.181,64	-2.810.178,28	0,00	0,00
129	<b>IV. Resultados do exercicio</b>	<b>4.039.808,45</b>	<b>3.163.270,16</b>	<b>3.163.270,16</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
14	<b>B) PROVISIÓN PARA RISCOS E GASTOS</b>	<b>249.452,87</b>	<b>249.452,87</b>	<b>249.452,87</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>C) ACREDORES A LONGO PRAZO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Outras débedas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
259	<b>III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>D) ACREDORES A CURTO PRAZO</b>	<b>17.268.629,52</b>	<b>29.438.541,48</b>	<b>29.438.541,48</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Débedas con entidades de crédito</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>III. Acredores</b>	<b>17.268.629,52</b>	<b>29.438.541,48</b>	<b>29.438.541,48</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
40	1. Acredores orzamentarios	16.842.676,77	29.184.251,82	29.184.251,82	0,00	0,00	0,00
41	2. Acredores non orzamentarios	126,32	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	425.826,43	254.289,66	254.289,66	0,00	0,00	0,00
521, 523, 527, 528, 529, 550, 554, 559	5. Outros acredores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
560, 561	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
485, 585	<b>IV. Axustes por periodificación</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C+D)</b>	<b>100.372.116,32</b>	<b>115.705.298,44</b>	<b>54.224.750,29</b>	<b>3.209.283,25</b>	<b>57.922.813,97</b>	<b>348.450,93</b>

ACLARACIÓNS

1. Preséntase un balance comparativo a 31/12/2023, o cal foi auditado, e un balance provisional a 31/12/2024
2. Cando se peche a contabilidade orzamentaria do exercicio 2024 actualizarase a contabilidade financeira e teremos o balance definitivo a 31/12/2024
3. Estes datos, así como os definitivos, serán obxecto de validación pola auditoría que se realice das contas anuais de Gain do exercicio 2024



Agora ben, a data de formulación destas contas anuais o balance final da Axencia modificouse respecto ao balance que se incluíu no acordo posto que había operacións que estaban pendentes de contabilizar, rexistráronse baixas de bens de inmovilizado motivadas polo desuso ou deterioro, actualizáronse as provisións da partida de investimentos financeiros permanentes, etc

Partindo do balance final da Axencia actualizáronse os datos das partidas que se traspasaban en cada actuación e que se recollían no terceiro acordo de traspaso. Non se rexistraron cambios significativos entre o balance inicial e o final, unicamente se actualizaron os saldos.

Dado que as partidas máis significativas que se dan de baixa no activo do balance da Axencia están encadradas no inmovilizado, cada balance desagregado ten asociado unha relación de bens nas que se reflicten os datos contables dos bens que se traspasan para que o ente destinatario poida continuar coa súa contabilidade.

Pola parte do pasivo o cambio máis significativo que se realizou, consecuencia do traspaso de actuacións, foi o movemento de fondos da partida de resultados positivos de exercicios anteriores a patrimonio, co fin de equilibrar os distintos balances e poder tramitar o baixa do inmovilizado asociado ás distintas actuacións que xestionará a Consellería de Economía e Industria.

Os datos finais actualizados son os seguintes:





BALANCE FINAL DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN A 31/12/2024 TRAS O REPARTO DE ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO TERCEIRO ACORDO DE TRASPASO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Nº Conta	ACTIVO	31/12/2023	31/12/24	GAIN 31/12/2024	CIS GALICIA 31/12/2024	CUI 31/12/2024	OUTROS 31/12/2024
	<b>A) INMOBILIZADO</b>	<b>81.059.796,96</b>	<b>89.374.693,94</b>	<b>27.991.505,72</b>	<b>3.204.676,89</b>	<b>57.963.243,07</b>	<b>215.268,26</b>
	<b>I. Invetimentos destinados ao uso xeral</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Inmobilizacións inmateriais</b>	<b>49.423.568,60</b>	<b>57.391.354,73</b>	<b>0,00</b>	<b>30.936,60</b>	<b>57.360.418,13</b>	<b>0,00</b>
210	1. Gastos de investigación e desenvolvemento	75.675.591,21	91.636.422,14	0,00	0,00	91.636.422,14	0,00
212	2. Propiedade industrial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
215	3. Aplicacións informáticas	544.296,55	400.177,80	0,00	167.697,80	232.480,00	0,00
216	4. Propiedade intelectual	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
219	6. Outro inmovilizado inmaterial	23.412.574,30	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(281)	7. Amortizacións	-50.208.893,46	-34.645.245,21	0,00	-136.761,20	-34.508.484,01	0,00
	<b>III. Inmobilizacións materiais</b>	<b>6.410.374,83</b>	<b>6.119.237,24</b>	<b>2.342.799,94</b>	<b>3.173.612,36</b>	<b>602.824,94</b>	<b>0,00</b>
220, 221	1. Terreos e construcións	8.391.951,02	8.391.951,02	2.553.410,28	5.838.540,74	0,00	0,00
223	2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	1.871.131,76	500.558,74	0,00	481.581,79	18.976,95	0,00
226	3. Mobiliario	866.262,10	507.387,15	219.482,55	270.827,75	17.076,85	0,00
227, 228, 229	4. Outro inmovilizado	1.462.973,13	1.340.837,88	171.472,66	330.246,15	839.119,07	0,00
(282)	5. Amortizacións	-6.181.943,18	-4.621.497,55	-601.565,55	-3.747.584,07	-272.347,93	0,00
23	<b>IV. Invetimentos xestionados</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>V. Invetimentos financeiros permanentes</b>	<b>25.225.853,53</b>	<b>25.864.101,97</b>	<b>25.648.705,78</b>	<b>127,93</b>	<b>0,00</b>	<b>215.268,26</b>
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	30.901.073,71	31.997.452,95	31.301.042,77	0,00	0,00	696.410,18
252, 253, 257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
260, 265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	127,93	127,93	0,00	127,93	0,00	0,00
(297)	4. Provisións	-5.675.348,11	-6.133.478,91	-5.652.336,99	0,00	0,00	-481.141,92
27	<b>B) GASTOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>C) ACTIVO CIRCULANTE</b>	<b>19.312.319,36</b>	<b>32.563.261,86</b>	<b>32.563.261,86</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Existencias</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Debedores</b>	<b>18.700.853,50</b>	<b>28.259.824,66</b>	<b>28.259.824,66</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
43	1. Debedores orzamentarios	18.693.736,02	28.259.824,66	28.259.824,66	0,00	0,00	0,00
44	2. Debedores non orzamentarios	7.117,48	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
470, 471, 472	4. Administracións Públicas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
550, 555, 558	5. Outros debedores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(490)	6. Provisións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>III. Invetimentos financeiros temporais</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros invetimentos e créditos a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
57	<b>IV. Tesourería</b>	<b>611.465,86</b>	<b>4.303.437,20</b>	<b>4.303.437,20</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
480, 580	<b>V. Axustes por periodificación</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C)</b>	<b>100.372.116,32</b>	<b>121.937.955,80</b>	<b>60.554.767,58</b>	<b>3.204.676,89</b>	<b>57.963.243,07</b>	<b>215.268,26</b>

Nº Conta	PASIVO	31/12/2023	31/12/24	GAIN 31/12/2024	CIS GALICIA 31/12/2024	CUI 31/12/2024	OUTROS 31/12/2024
	<b>A) FONDOS PROPIOS</b>	<b>82.854.033,93</b>	<b>92.197.790,44</b>	<b>30.814.602,22</b>	<b>3.204.676,89</b>	<b>57.963.243,07</b>	<b>215.268,26</b>
	<b>I. Patrimonio</b>	<b>13.278.083,05</b>	<b>71.632.908,82</b>	<b>7.439.542,32</b>	<b>6.014.855,17</b>	<b>57.963.243,07</b>	<b>215.268,26</b>
100	1. Patrimonio	6.149.312,37	64.504.138,14	6.149.312,38	176.314,43	57.963.243,07	215.268,26
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	8.082.197,68	8.082.197,68	2.243.656,94	5.838.540,74	0,00	0,00
103	3. Patrimonio recibido en cesión	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión	-953.427,00	-953.427,00	-953.427,00	0,00	0,00	0,00
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
11	<b>II. Reservas</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>III. Resultados de exercicios anteriores</b>	<b>65.536.142,43</b>	<b>11.221.125,11</b>	<b>14.031.303,39</b>	<b>-2.810.178,28</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	73.565.502,35	19.250.485,03	19.250.485,03	0,00	0,00	0,00
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-8.029.359,92	-8.029.359,92	-5.219.181,64	-2.810.178,28	0,00	0,00
129	<b>IV. Resultados do exercicio</b>	<b>4.039.808,45</b>	<b>9.343.756,51</b>	<b>9.343.756,51</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
14	<b>B) PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS</b>	<b>249.452,87</b>	<b>177.144,91</b>	<b>177.144,91</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>C) ACREDORES A LONGO PRAZO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Outras débedas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
259	<b>III. Desembolsos pendentes sobre accións non exixidos</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>D) ACREDORES A CURTO PRAZO</b>	<b>17.268.629,52</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>II. Débedas con entidades de crédito</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>III. Acredores</b>	<b>17.268.629,52</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>29.563.020,45</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
40	1. Acredores orzamentarios	16.842.676,77	29.186.349,58	29.186.349,58	0,00	0,00	0,00
41	2. Acredores non orzamentarios	126,32	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
475, 476, 477, 521, 523, 527, 528, 529, 550, 554, 559	4. Administracións Públicas	425.826,43	376.670,87	376.670,87	0,00	0,00	0,00
560, 561	5. Outros acredores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
585	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
485, 585	<b>IV. Axustes por periodificación</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C+D)</b>	<b>100.372.116,32</b>	<b>121.937.955,80</b>	<b>60.554.767,58</b>	<b>3.204.676,89</b>	<b>57.963.243,07</b>	<b>215.268,26</b>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora da Axencia Galega de Innovación  
Carmen Coteló Queijo

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.  
CVE: AIAIfChUpkh3 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

